DEXCURSIÓN 2021

POR FERROL, EUME E ORTEGAL

Queremos saír outra vez DeExcursión!!

A pandemia da Covid-19 cruzóusenos no camiño e veu mudar os nosos hábitos, os nosos comportamentos, as nosas vidas no seu conxunto. O ano pasado perdimos moitas cousas, incluídas as saídas escolares para coñecer a contorna e para gozar da compañía mutua.

Aprendimos -ou deberiamos ter aprendido- moitas lecciónns, entre elas a importancia do que temos máis cerca: as persoas, a casa, a veciñanza… e as paisaxes.

Non podemos dicir que o virus xa é pasado, pero queremos retomar as cousas onde as deixamos, recuperar unha certa normalidade e valorar aínda máis o que nos é próximo.

O último curso escolar esta revista non puido saír á luz. Agora volvemos con máis folgos e co convencemento de que a publicación ten máis razón de ser que nunca nestes momentos nos que aínda non queremos mirar moi lonxe.

Se sempre agradecemos a colaboración das institucións e anunciantes que apoian a DeExcursión, este ano facémolo con máis motivo: A pandemia non só nos golpeou no sanitario, senón tamén no económico. Non son tempos fáciles. Para nós é unha satisfacción que nestas circunstancias manteñamos unha variada oferta de rutas e mesmo incorporemos outras novas, como a das baterías de costa de Ferrol; as dos faros propiedade da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao; a famosa senda do Fuciño do Porco; o paseo pola vila dos Andrade -Pontedeume-, que vén de cumprir nin máis nin menos que 750 anos de historia; As Pontes en Pezas e As Pontes Misteriosa ou as paradisíacas praias de Fene e o seu Museo do Humor.

Igualmente agradecemos aos anunciantes que teñan renovado o seu compromiso cunha publicación cuxo obxectivo é seguir medrando, sabendo que a misión de difundir e protexer o noso é a máis fermosa que se poida emprender.

Achegémonos aos nosos concellos, visitemos o seu patrimonio, camiñemos polas súas sendas, descubramos as maravillas que nos rodean.

Saiamos DeExcursión!

pingota
COMUNICACIÓN

Camiño Inglés

Ferrol 5
Narón 6
Neda 7
Fene 8
Cabanas 9
Pontedeume 10

Ferrol

As Meninas 12
Auga e natureza 13
Doniños 14
Baterías de costas 15
Castelo de San Felipe 16
Museo da Construcción Naval-Exponav 17
Museo Naval 18
Esmelle 19

Autoridade Portuaria

Faros e sendeiros 20

Narón

Aldea Nova 22
Ruta dos muíños 23
Área Recreativa de Pedroso 24

Neda

Percorridos pola natureza 26
Xogando coa auga 27

Fene

Museo do Humor 30
Praias e ocio activo 32

Cabanas

Patrimonio indiano 33

Pontedeume

Mercado Municipal e Pazo dos Andrade 34
Ruta dos Andrade 35

As Pontes

Casa do Mel e Museo Etnográfico 36
As Pontes en pezas e As Pontes misteriosa 37
Ruta industrial 38

Fragas do Eume

Mosteiro de Caaveiro e Fragas do Eume 39

Xeoparque do Cabo Ortegal 40

Moeche

Castelo 42
Área recreativa 43

Cerdido

Lecer en plena natureza 44

Cedeira

A vila 46
O mar 47
Serra da Capelada e San Andrés de Teixido 48
Un paseo pola historia 49

Cariño

Barrio mariñeiro 50
Rochas e aves 51
Conserveiras 52

DeExcursión na rede / Colaboracións 53

Teléfonos de interese 54

Edita: Pingota Comunicación S. Coop. Galega
www.pingota.com | pingota@pingota.com
Maquetación: Korchopan Produktions
Quinta edición: 2021
Depósito Legal: C 1404-2016
Imprime: Aldine

camiño inglés
ferrol

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Distancia: Sete quilómetros

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: Para visitar o teatro Jofre contactar previamente coa concellería de Cultura: 981 944 180

Para visitar o Pazo de Capitanía (primeiro sábado de cada mes) contactar coa empresa Fertur con antelación no 696 531 070 ou no correo *ferturguias@yahoo.es*. A visita ten un prezo de cinco euros por persoa, menores de 5 anos gratis. É necesario levar o DNI ou o pasaporte

A visita ao Museo Naval é gratuíta e ten incluído un servizo de visitas guiadas. Máis información en *museonavalferrol@fn.mde.es* ou no 981 336 027

A visita ao Museo de Construción Naval (Exponav) é gratuíta para os grupos escolares reservando a visita previamente en *exponav@exponav.org* ou no 981 359 682

O ***peirao de Curuxeiras*** é o punto de inicio do Camiño Inglés, un percorrido de case 120 quilómetros ata Compostela, empregado desde o século XII por peregrinos escandinavos, centroeuropeos e das Illas Británicas, que chegaban á cidade por mar para iniciar posteriormente esta ruta xacobea.

Ao seu paso por Ferrol, o Camiño discorre por algúns dos puntos máis emblemáticos da cidade. Desde o porto adéntrase no barrio de ***Ferrol Vello***, onde o itinerario continúa pola rúa de San Francisco, atopando a igrexa co mesmo nome e ***os xardíns de Herrera***, desde os que gozar dunhas vistas privilexiadas do Arsenal.

Seguindo pola rúa Real atópanse tamén o ***Parador de Turismo*** e o ***Pazo de Capitanía***, que pode ser visitado o primeiro sábado de cada mes, baixo petición previa á empresa encargada das visitas, que é Ferrol Guías.

O ***barrio da Magdalena*** é unha das xoias da Ilustración na cidade, con forma de cuadrícula, que recorda a unha libra de chocolate. Moitos dos edificios do barrio son de arquitectura modernista, deseñados na súa maioría por ***Rodolfo Ucha***, artífice da Casa Romero ou o Teatro Jofre, entre moitos outros, ambolos dous situados na praza de Galicia.

Ao carón desta praza atópase o ***Cantón de Molíns***, que foi a primeira gran alameda de Galicia, onde se atopan ***Exponav*** ou o ***Museo Naval*** aos que tamén se pode realizar unha visita co alumnado (ver páxinas respectivas). A ruta continúa pola marxe da muralla do Arsenal e os estaleiros ata o barrio de Caranza, onde se pode facer unha parada para gozar da súa praia urbana e da vista da ermida, situada a carón do paseo marítimo.

Ferrol 0 Km
A Coruña 56 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km

Saída do porto de Curuxeiras
Oficina de turismo Via Compostellam Tel. 981 944 252
ferrolturismo@ferrol.es
visitferrol.com/ruta-de-camino-ingles

camiño inglés

narón

A ruta xacobea continúa polo municipio de Narón, un tramo sen dificultade e moi interesante para realizar co alumnado. Ademais, pode solicitarse unha visita desta parte do Camiño con Andrés Pena Graña, que é o historiador municipal, polo que ofrecerá información moito máis completa e detallada sobre o percorrido.

Adéntrase desde Ferrol polo barrio da Gándara, por onde se bordea a ría ata chegar á Faisca. Un pouco máis adiante encóntrase o ***mosteiro de San Martiño de Xuvia***, unha das construcións de maior valor eclesiástico da localidade. É un templo de estilo románico con tres naves, cuxa orixe data da primeira metade do ***século XII***. Popularmente é máis coñecido como mosteiro do Couto. Para visitar o interior da igrexa e coñecer todos os seus segredos é necesario concertar previamente unha cita co cura.

Desde este mosterio, o itinerario segue polo Camiño do Salto e logo polo lugar de Outeiro, no que se atopa o ***muíño das Aceñas***, unha edificación do ***século XVIII*** adicada á recollida de auga das mareas para empregala na moenda. Recibiu o título de Real Fábrica de Fariñas, expedido polo monarca Carlos IV.

Nesta zona, ademais das vieiras amarelas que indican o camiño xacobeo, hai uns peixes vermellos. Estes símbolos marcan a ***ruta ata San Andrés de Teixido***, un percorrido que tamén discorre polo concello de Narón e que coincide co Camiño Inglés ata O Ponto.

No último tramo da localidade, desde O Ponto, chégase ata o ***Paseo Marítimo de Xuvia***, unha extensa área verde onde facer unha parada co alumnado para xantar, descansar ou seguir xogando ao aire libre.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: Hai posibilidade de concertar cita co historiador municipal Andrés Pena Graña

Para visitar o Mosteiro de San Martiño de Xuvia é preciso falar previamente co cura no 659 920 253

Dependendo da idade ou intereses do grupo, a ruta pode iniciarse directamente no Mosteiro de San Martiño de Xuvia

Saída da Avenida do Mar, A Gándara
Concellería de Turismo Tel. 981 337 700 Ext. 1307
turismo.naron.es/es/conoce-naron

Ferrol 5 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 85 Km
Santiago 93 Km

No fondo da ría de Ferrol atópase o municipio de Neda, cuxa ***ponte sobre o Xuvia*** é o punto de inicio do Camiño Inglés ao seu paso por este concello. Cinco dos máis de cen quilómetros desta ruta xacobea atópanse na localidade, que conta cun ***albergue***, pois é moi habitual que os peregrinos fagan noite aquí antes de continuar co seu percorrido ata Compostela. ***Esta hospedaxe abre durante todo o ano e conta con 28 prazas***.

Este tramo do Camiño é sinxelo, sen grandes pendentes e practicamente peonil en todo o traxecto, polo que é un itinerario adecuado para facer con alumnado de diferentes idades. Seguindo a ruta chégase ata a ***igrexa barroca de Santa María***. A súa orixe é do século IX, aínda que a construción actual data de 1721. Conta no seu interior co Cristo da Cadea, unha talla gótica de estilo Tudor que chegou a Neda nun barco británico que fuxía das persecucións anglicanas.

Despois de cruzar a pasarela sobre o río Belelle atópase o ***casco histórico***, no que hai edificios de gran valor patrimonial, como o Concello ou o antigo Hospital de Peregrinos do Sancti Spiritus e a súa ***Torre do Reloxo***, que data do 1786.

Casas tradicionais con soportais sitúanse na rúa Real, por onde se chega ata a ***igrexa de San Nicolás, do século XVI*** e na que é tradición a peregrinación dos luns. No seu exterior está ***un dos cruceiros máis antigos de Galicia***, datado no século XIV, e tras o templo, o ***parque dos Subarreiros***, polo que cruza o paseo marítimo. Desde esta zona, e continuando polo Camiño do Murallón e o barrio do Puntal, chégase ata o límite con Fene.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Educación Física

Percorrido: Cinco quilómetros

Máis info: Información sobre o albergue de peregrinos de Neda: *www.turismo.gal/recurso/-/detalle/280380558/albergue-de-peregrinos-de-neda*

No portal Wikiloc podedes consultar todo o itinerario da primeira etapa do camiño inglés: *es.wikiloc.com/rutas-senderismo/ferrol-neda-primera-etapa-del-camino-ingles-a-santiago-12657263*

Ferrol 9 Km
A Coruña 49 Km
Viveiro 79 Km
Santiago 92 Km

Saída da ponte sobre o río Xuvia, no lado da rúa Aldea Empedrón

Protección Civil de Neda: Tel. 981 38 00 39

camiño inglés

fene

Un dos tramos de peregrinación do Camiño Inglés pasa polo concello de Fene, coñecido sobre todo pola súa vinculación coa industria naval e que ten como símbolos característicos os ***guindastres de Navantia***, que destacan sobre a paisaxe da zona.

A ruta xacobea adéntrase no municipio polo lugar de Conces, continuando pola rúa Fonte do Campo ata chegar ao rueiro Casanova. Este itinerario cruza pola estrada N-651, que atravesa gran parte da vila e na que se atopa, por exemplo, a ***igrexa do Divino Salvador***, que data do século XVIII. Pouco antes do templo está o ***Museo do Humor***, onde pode ser interesante facer unha parada para visitalo co alumnado. Despois, o percorrido segue ata a casa consistorial, e tras atravesar a rúa da Fraga e posteriormente a de Alcalde Xerardo Díaz continúase polo lugar de Mundín, onde hai un ***antigo lavadoiro***. Subindo por un camiño de terra entre un pequeno bosque vólvese á N-651.

Desde Rego da Moa continúase ata Romariz, e seguindo por un estreito camiño que atravesa unha zona de hortas atópase o ***Polígono de Vilar do Colo***, punto de conexión entre Fene e Cabanas. O itinerario suma pouco máis de tres quilómetros e pese a percorrer zonas de estrada, a ruta pola localidade é ***un tramo de escasa dificultade***.

Este ano 2021 naceu o proxecto Viñetas do Camiño, da man das Concellerías de Turismo e Cultura do Concello de Fene, beneficiario do programa O Teu Xacobeo, da Xunta de Galicia. Esta iniciativa busca promover o valor patrimonial e a riqueza do Camiño Inglés en Ferrolterra mediante a ilustración e as artes plásticas, as cales teñen gran vinculación co Museo do Humor, un referente do debuxo e o humor gráfico en Galicia, e sinal de identidade desta vila.

Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física

Percorrido: Tres quilómetros

Máis información: *fene.gal/turismo/camino-de-santiago/es* (nesta páxina atoparedes a descrición da ruta e acceso a un documento moi detallado con fotografías e ubicacións)

Concellería de Turismo:
Plaza del alcalde Ramón José Souto González s/n Fene
Teléfono: 981 492 767 E-mail: turismo@fene.gal

Ferrol 6Km
A Coruña 46Km
Viveiro 80Km
Santiago 87Km

camiño inglés
cabanas

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Educación Física

Duración: 6 Km. Aproximadamente 2 horas

A ruta xacobea no seu discorrer por Cabanas é unha oportunidade coa que os escolares poden achegarse a coñecer algúns dos atractivos naturais e patrimoniais do municipio, que ***se sitúa en pleno estuario do río Eume***. O itinerario do Camiño Inglés chega a Cabanas tras rodear o polígono de Vilar do Colo, e percorre algúns dos principais reclamos turísticos da zona. Seguindo a ruta marcada polas vieiras amarelas, desde a saída do polígono chégase ao primeiro lugar de interese, o ***muíño de Batán***, situado a beira do rego de Laraxe.

Continuando o percorrido xacobeo e xa case na área urbana de Cabanas encontramos a ***igrexa de San Martiño do Porto***, que data do século XV, cunha mezcla de estilo renacentista e barroco. Está situada na estrada que conduce á vila de Ares, onde tamén achamos a pouca distancia outro dos atractivos da ruta, o ***muíño do Priorato do Porto***, actualmente coñecido como muíño de Cabada.

Tras a parada na acea, a ruta pode continuarse de dúas maneiras: no camiño orixinal baixa ata a ***praia da Madalena***, un areal de 1.100 metros de lonxitude que posúe un frondoso piñeiral onde se pode facer unha parada para xantar, descansar ou incluso darse un baño se o tempo o permite.

A outra opción sería continuar pola AC-112/N-651 ata o núcleo urbano do concello para chegar ata a ***igrexa de Santo André de Cabanas***, do século XVIII e situada moi preto da casa consistorial. Esta sería a última parada antes de dirixirse cara a zona do río onde cruza a ponte do Eume, que conecta Cabanas coa vila de Pontedeume.

Ferrol 13 Km
A Coruña 39 Km
Viveiro 79 Km
Santiago 82 Km

Concello de Cabanas
Rúa de Concello, 22
Teléfono: 981 49 59 59

camiño inglés

pontedeume

O Camiño Inglés discorre por algo máis de dous quilómetros a través do concello de Pontedeume, localidade fundada en 1270 por Alfonso X e cunha importante relación coa peregrinación ata o sepulcro do Apóstolo. A ruta chega ata este enclave medieval pola ponte de pedra que a conecta con Cabanas e continúa polo casco histórico do pobo.

No seu paso pola zona é posible descubrir algúns dos monumentos máis relevantes desta localidade, cun pasado cheo de historia. Con motivo do legado medieval de Pontedeume e a súa vinculación xacobea, ***o Concello puxo en marcha unha aplicación móbil de realidade aumentada coa que se poden visualizar algúns dos puntos máis emblemáticos da vila eumesa***. Para utilizala basta con achegarse ata as mesas ou peanas onde se atopan os códigos QR, ubicadas na ponte de Pedra, o Torreón dos Andrade, a alameda de Raxoi ou a igrexa de Santiago.

Con esta aplicación é moi sinxelo e divertido coñecer en profundidade lugares como a praza do Conde e o antigo pazo dos Andrade, ou ver a evolución do convento dos Agostiños, entre outros, grazas á recreación dos espazos que ofrece esta tecnoloxía.

Ademais, outro aspecto interesante da ferramenta é que permite ***facer este tramo xacobeo acompañando virtualmente a Margery Kempe***, a primeira peregrina da que se ten constancia do seu paso polo Camiño Inglés no ano 1417. É unha maneira diferente de descubrir todos os segredos do percorrido.

Dende a Idade Media, Pontedeume conta cun albergue de peregrinos. Ao principio, o servizo prestábase na antiga ponte medieval e servía para aloxar a todos aqueles que estaban a facer o Camiño Inglés. Na actualidade continúa a funcionar emprazado nos antigos almacéns do peirao, xunto ao vello xulgado.

Idades: Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física

Distancia: Dous quilómetros

Máis información: Aínda que se trata dun treito breve de apenas dous quilómetros, o trazado do Camiño Inglés ao seu paso por Pontedeume ten certa dificultade, cunha pendente a ter en conta de case 160 metros sobre o nivel do mar

Pode planificar a súa ruta na web:
www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/camino-ingles

Descarga de la aplicación de realidad aumentada:

Oficina de Turismo-Torreón dos Andrade
Praza do Conde s/n, 15.600 Pontedeume
pontedeumeturismo.es

Ferrol 19Km
A Coruña 39Km
Viveiro 78Km
Santiago 82Km

DESCUBRE ALIMENTES DIXITAL!

ALIMENTES

Un programa educativo dixital enfocado en alimentación saudable e consumo responsable. Adaptado ao currículo oficial. Completa as unidades didácticas e faite co Prato Alimentes para a túa clase.

gadis.es/saludable/gl/gadisescuela/

GADIS

ferrol

as meninas

Un dos cadros máis recoñecidos e reinterpretados da historia, as Meninas de Velázquez, é o elemento vehicular do movemento pictórico iniciado no barrio de Canido en 2008. Nese ano, o artista ferrolán ***Eduardo Hermida***, farto da situación de decadencia na que se encontraba a zona, comezou a pintar nas paredes dun edificio en mal estado, sen imaxinar todo o que sucedería despois.

Mediante a colaboración da veciñanza e o atractivo da iniciativa para numerosos artistas, as paredes do barrio comezaron a encherse de obras pictóricas de gran valor. Cada ano, ***durante a primeira fin de semana de setembro ten lugar unha xuntanza de pintores nacionais e internacionais*** para continuar ampliando esta ***ruta de arte urbano***. De feito, no 2017 deixouse un espazo para Banksy, un dos referentes do street art, e aínda que nos días marcados non se fixo ningún mural, meses máis tarde apareceu unha obra que algúns lle adxudican ao artista.

As Meninas de Canido non só son un reclamo turístico, pois as obras superan o estético e artístico, mostrando ademais un carácter de loita e reivindicación social, con murais que aluden ao feminismo, á diversidade sexual ou ao ecoloxismo. En 2018 o Consello Europeo nomeou as Meninas de Canido como un ***Itinerario Impresionista de Street Art***.

Esta ruta amplíase cada ano con novas obras, polo que sempre hai algo diferente para ver. Este curso contemplarase o traballo realizado polos artistas participantes na edición de setembro de 2021.

A ruta pode ser unha actividade moi interesante para facer cos alumnos, dada a sinxeleza do percorrido, e ademais é posible realizar unha ***visita guiada***. Como aliciente engadido, organízase o itinerario en diferentes idiomas.

Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Plástica, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física, Historia do Arte

Guía: É posible facer un tour con Eduardo Hermida para grupos pequenos, pero os centros educativos tamén poden realizar un percorrido guiado, que ademais se organiza en diferentes idomas. Esta opción está dispoñible todo o ano baixo petición chamando ao número de teléfono 681 069 845

Máis información: *ferrolturismo@ferrol.es*

visitferrol.com/ruta-de-las-meninas

Teléfono 981 944 272



Barrio de Canido. Ferrol
visitferrol.com/ruta-de-las-meninas
www.facebook.com/meninasdecanido

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km



Idades: Infantil, Primaria, Eso e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Matemáticas, Física, Tecnoloxía

Duración: Media xornada cada unha das visitas. Gratuíto con visitas guiadas concertadas previamente

Horarios:
Aquaciencia: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:00

SGHN: de luns a sábado de 9:30 a 12:30 e de 16:30 a 19:30; domingos e festivos de 10:00 a 13:00

Máis información:
Pódense realizar visitas en liña desde a clase ao Museo da Sociedade Galega de Historia Natural reservándoas a través deste formulario de inscrición: *docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSczXdyYn3Ut22d9uzl3CbF8xziHwM-ToYSW_zplcue85zTvSQ/viewform*

SGHN: *museo@sghn.org* *sghn.org*

A cidade de Ferrol ten unha importante vinculación coa auga, tanto pola súa historia naval coma pola riqueza da súa costa, con numerosas praias ou lagoas como a de Doniños, unha das maiores extensións de auga doce de Galicia.

O ***parque Raíña Sofía*** é unha área verde con diferentes especies arbóreas, bancos, unha praza, fontes, e o máis singular, pavos reais que viven en liberdade no recinto. Nel atópase ***Aquaciencia, un xardín didáctico sobre a auga***, no que é posible coñecer os diferentes usos deste ben tan prezado á vez que os escolares poden pasar un rato de lecer.

Nos ***5000 metros cadrados*** das instalacións, a auga é a protagonista do espazo, nun ***percorrido con trebellos, maquetas, xogos e paneis cos que divertirse e descubrir as diferentes utilidades da auga***. Entre os elementos máis distintivos destacan unha bóla xigante que se pode mover coas mans, ou o faro, situado nun illote en medio dunha lagoa. Ademais, na web de Aquaciencia hai dispoñibles fichas temáticas sobre a auga para seguir traballando os contidos nas aulas.

No barrio de Canido atópase o ***Museo da Sociedade Galega de Historia Natural***, situado nun antigo cuartel militar. Estas instalacións albergan unha importante colección de especies vexetais, minerais e animais que proceden da doazón de particulares e da propia actividade da entidade, pero sempre sen ocasionar ningún dano á natureza, pois desenvolven un gran labor de recuperación de especies que logo son devoltas ao seu hábitat. Contan ademais, cunha das maiores colecções de osos de cetáceos de España, e destaca o ***esquelete dunha balea de 18 metros de lonxitude***, exposto na sala principal.

O acceso é gratuíto, e é posible concertar ***visitas guiadas para o alumnado*** e coa pandemia están ***dispoñibles tamén en liña***.

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km

Aquaciencia: Parque Raíña Sofía, s/n 15401 Ferrol
Tel. 981 944 221
Museo SGHN: Praza de Canido s/n 15401 Ferrol
Tel. 881 931 315 | 698 141 384

ferrol
doniños

Cunha extensión de case dous quilómetros, o ***areal de Doniños*** é un dos máis populares de Ferrol, e moi valorado polos surfistas por ser unha praia ventosa e de forte ondada.

De carácter semiurbano, conta con dous accesos, un na zona norte, ***Outeiro***, con ***aparcadoiro, un paseo, locais de hostalería e un piñeiral***; e no sur, ***Penencia***, unha área menos masificada.

Esta praia de area fina está rodeada por un ***sistema dunar onde se atopa ademais, unha lagoa, incluída na Rede Natura*** polo seu importante valor ecolóxico e paisaxístico. Cunha profundidade máxima de nove metros, esta zona conta con gran diversidade de especies vexetais e animais, onde destacan as aves migratorias. En épocas de chuvias, o mar traspasa as dunas xuntándose coa lagoa, deixando como resultado unhas marismas impresionantes.

O misticismo rodea Doniños e o seu nome, do que hai numerosas lendas. Unha delas conta que baixo a lagoa existiu unha pequena cidade chamada Valverde, que un día foi inundada por unha onda xigante, á que só sobreviviron dous nenos, suceso que deu lugar ao nome de Doniños.

Na zona houbo asentamentos celtas, pois na área norte, máis aló do piñeiral, atópase o ***castro pre-romano de Lobadiz*** desde o que se pode contemplar todo o Golfo Ártabro, e onde tamén hai restos dunha batería militar do século XVIII. Pode chegarse en coche ou facendo algunha das rutas de sendeirismo existentes.

A historia da praia non remata aí; no 1800 as tropas inglesas baixo o mando do almirante Warren desembarcaron neste areal co obxectivo de conquistar Ferrol, pero pese á escaseza de recursos defensivos dos locais, estes conseguiron vencer ós británicos. A batalla desenvolveuse nos Montes de Brión, e cada verán conmemórase a victoria local cunha representación festiva.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Educación Física, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Recomendacións: Pódese levar traxe de baño

Máis información: Ruta pola Senda Ártabra: *masrutasymenosrutinas.com/doninos-cabo-priorino*

Concello de Ferrol Tel. 981 944 000
Praia de Doniños: 43°29'43"N 8°19'13"W
Castro de Lobadiz 43°30'30.8"N 8°19'39.3"W

Ferrol 9 Km
A Coruña 62 Km
Viveiro 94 Km
Santiago 105 Km



ferrol
baterías de costa

Idades: Últimos cursos da ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Educación Física

Máis información: Plataforma virtual con guía e vídeos en *www.observersciencetourism.com/es/destino/baterias-militares-de-ferrol-a-coruna*

O Concello de Ferrol vén de incorporar á súa rica oferta turística unha ***ruta polas súas baterías militares***. Trátase dun percorrido por ***nove puntos da costa ferrolá*** nos que ao longo da historia foron instalándose defensas coas que protexer aínda máis unha ría que polas súas condicións naturais era practicamente inexpugnable.

No século XVI levantáronse as primeiras: tres fortalezas situadas a ámbolos dous lados da ría. ***San Felipe*** (ver a páxina seguinte), ***San Martín*** e ***A Palma*** estaban preparadas para atacar con fogo cruzado aos barcos inimigos, pero non foi ata o século XVIII cando empezou a completarse o equipamento mellorando as características do primeiro destes castelos e proxectando as baterías de Doniños, Prioriño Chico, Viñas, Cariño, San Cristobo e San Carlos. Estas entran en acción a comezos do XIX e xogan un papel importante contra a invasión inglesa que xa relatamos noutras páxinas da publicación. Principiado o século XX equípanse co armamento máis moderno, destacando os famosos canóns Vickers, cos que se podían disparar proxectís de 800 quilos e unha serie de baterías antiaéreas que foron desmanteladas nos anos 90.

Unha excursión escolar por estas baterías, que contan con ***paneis explicativos*** de cada unha delas, ten un innegable atractivo para os estudantes. Facer o percorrido entre San Felipe e San Cristobo supón camiñar uns 8 quilómetros ida e volta, pero pódese chegar en coche ata calquera delas. A de Punta Viñas foi reconstruída pola Autoridade Portuaria e ao seu carón atópanse o Centro de Interpretación de Cabo Prioriño e a batería de Prioriño Chico. Menos aconsellable é visitar con nenos/as as de Prior e Monte Ventoso, porque teñen algunhas zonas perigosas.

Como aliciente engadido están as calas e praias próximas e non se poden esquecer os prismáticos para observar as illas Gabeiras e as aves da zona, entre as que destacan os corvos mariños.

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

Ligazón de descarga para a guía informativa:
www.observersciencetourism.com/upload/documents/c1de093a777e819bfd9a20956f16687e.pdf

ferrol

san felipe

A ría de Ferrol acolle un triángulo defensivo conformado por tres castelos, o de San Felipe, na marxe ferrolá, e enfronte, o da Palma (Mugardos) e o de San Martiño (Ares), hoxe en día desaparecido. O castelo de San Felipe é unha das construcións militares máis importantes da cidade, ***mandado construír por Felipe II en 1557***.

A situación destas tres edificacións facía da entrada a Ferrol unha zona inexpugnable, onde ningún barco inimigo se atrevía a tentar pasar. Ademais, para asegurar máis o territorio, San Felipe e a Palma estaban unidos por unha grosa cadea que se tensaba para evitar a entrada de barcos durante a noite.

Aínda que a construción data do século XVI, o castelo foi remodelado no século XVIII, polo que se coñece a esta edificación como un exemplo de ***batería abaluartada***. Conta no seu deseño cunha zona de baterías de canóns dirixidos ao mar e un sistema de bastións que cubría os muros frontais para evitar os ataques por terra. Outros dos seus atractivos son o patio interior co seu pozo e a Casa do Gobernador.

Organízanse ***visitas guiadas***, que poden ser unha gran oportunidade para que o alumnado coñeza máis sobre o castelo, que ademais foi protagonista na Batalla de Brión, pois os ingleses quixeron conquistar, sen éxito, a cidade. Nos veráns e na Semana Santa algúns destes tours son teatralizados, cos soldados que custodiaban o castelo no século XVIII.

O castelo vén de ser obxecto dunhas obras de mellora que incluíron a restauración da torre do século XIX da batería baixa, un Ben de Interese Cultural no que permanecerán abertas ***dúas exposicións permanentes***: unha dedicada á evolución das defensas da ría e outra do propio castelo de San Felipe. Tamén se instalaron un centro de recepción aos visitantes e aseos portátiles.

O acceso á fortificación pódese facer por terra ou mar. Ademais, existe un percorrido en lancha pola ría co que descubrir outras edificacións do litoral, como a base naval da Graña, os estaleiros ou o Arsenal Militar.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Historia

Horarios: De 10:00 a 18:00 en temporada baixa e 10:00 a14:00 e de 16:00 a 20:00 no verán

Máis información: Hai un parque infantil nas proximidades do castelo e acceso e zona de estacionamento para coche e autobús

Para as visitas en lancha é necesario contactar coa empresa Fernández Cabana no teléfono 620 926 958 ou en *info@fernandezcabana.es*

Para concertar visitas con guías oficiais da Xunta pódese chamar a Isabel (696 53 10 70) ou Xulio (661 27 55 45)

A entrada ao castelo é gratuíta

O folleto do castelo está dispoñible para descarga en *visitferrol.com/castillo-de-san-felipe*

San Felipe, Ferrol
43°27'53.0"N 8°16'54.0"W

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

museo da construción naval - exponav

O ***museo máis importante de Europa dedicado á construción naval*** atópase en Ferrol. Presta especial atención ao público infantil e xuvenil, polo que constitúe unha visita imprescindible para os centros educativos, que ademais poden facelo de xeito gratuíto. Os seus guías teñen ***visitas adaptadas para todas as idades e mesmo obradoiros complementarios*** nos que aprender desde conceptos básicos de flotabilidade ata como facer os diferentes tipos de nos mariñeiros.

No seu empeño de avanzar na dixitalización, o museo conta entre as súas novidades con ***dúas "guiaventuras"*** -unha para os máis pequenos e outra para mozos e mozas ou adultos- ás que se pode acceder desde o teléfono móbil sen necesidade de descargar unha app e que permiten percorrer o museo resolvendo unha serie de pistas. É unha maneira moi divertida de fixar na mente aquilo que imos vendo no percorrido.

Que podemos encontrar na visita? A primeira, un edificio que é unha auténtica xoia, unhas antigas ferrerías da Armada situadas no Arsenal e que manteñen a súa estrutura orixinal do século XVIII cun traballo de rehabilitación impecable. Pero, atravesando unha caderna xigantesca que nos mostra o que son as costelas dun barco, hai moito máis: ***dúas pezas do casco da fragata Magdalena***, afundida na ría de Viveiro no 1810; dúas cámaras que mostran o interior dunha nave do século XVIII e dunha fragata moderna; a ***reprodución dunha antiga ferrería*** co oficial, o mestre e o aprendiz; unha talladora coa que se facían hai unhas décadas os modelos a escala de diferentes embarcacións; multitude de maquetas e barcos reais; unha ***exposición de faros***; outra que reflicte ***a evolución da construción naval na ría***... sen esquecer a multitude de útiles e obxectos relacionados coa carpintería de ribeira ou a construción naval máis recente. Ata hai autómatas cos que comprobar como funcionan as cadernas dun barco ou como se comporta un buque no medio das ondas.

Idades: Desde Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Física e Tecnoloxía

Horarios: Martes a Venres de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00; Sábados de 10.00 a 20.00 e Domingos de 10.00 a 15.00 (as visitas de grupos e obradoiros hai que concertalas con anterioridade no teléfono 981 359 682 ou en *exponav@exponav.org*)

Duración: Media xornada. Gratuíto para visitas escolares

Servizos: Posibilidade de organizar obradoiros adaptados ás idades dos grupos/ Tenda de recordos

Máis información: *www.exponav.org*

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km

Edificio de Herrerías
Avda. Irmandiños s/n. Ferrol
Tel. 981 359 682
www.exponav.org *exponav@exponav.org*

ferrol

museo naval

O Museo Naval de Ferrol foi inaugurado en 1986, coa intención de reflectir a vinculación da cidade coa Armada. ***Ubícase no antigo presidio de San Campio***, que forma parte do Primitivo Arsenal, proxectado no ano 1765 por Julián Sánchez Bort.

Conta entre os seus fondos con ***máis de 2.600 pezas relacionadas co mundo naval e marítimo***, e por suposto, coa actividade da Armada. A institución xurdiu principalmente para aloxar moitas das pezas recuperadas da fragata Magdalena, que naufragou na ría de Viveiro en 1810 e onde perderon a vida unhas 500 persoas. O museo alberga algunhas partes do casco, instrumentos náuticos e armas rescatadas do seu pecio.

Os obxectos do museo trasladan aos visitantes a algúns dos momentos máis destacados da historia da Armada Española a través dos diferentes séculos. Un dos seus maiores atractivos é a ***extensa colección de áncoras de distintas épocas***, considerada unha das mellores do mundo. Tamén son interesantes as maquetas de barcos antigos, como as carabelas de Colón, o buque-escola Galatea ou o navío San Carlos Real de España, que comparten protagonismo con bandeiras, utensilios de navegación e cartografía, e tamén material bélico e de artillería.

As cociñas do antigo cárcere úsanse na actualidade para a ***recreación de escenas cotiás da vida mariñeira no século XVIII***, mostrando os alimentos habituais durante a navegación ou ensinando como eran as enfermarías da época. Ademais de ser un museo que recolle a historia naval da zona, conta con algúns obxectos ben curiosos, como a medalla que Hitler concedeu ao cruceiro Canarias ou a cadeira que Franco empregaba para pescar desde o iate Azor. Para coñecelo en maior profundidade é posible facer unha visita guiada.

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía

Horarios: De martes a venres, de 9.30 a 13.30 / Sábados, domingos e festivos: de 10.30 a 13.30

Duración: Media xornada

Prezo: Gratuíto

Servizos: Tenda de recordos

Máis información:
armada.defensa.gob.es/ArmadaPortal/page/Portal/ArmadaEspannola/cienciaorgano/prefLang-es/01cienciamuseo--08museosfiliales--03museoferrol--00inicio

Avda. Irmandiños s/n, Ferrol
Tel. 981 336 027
fundacionmuseonaval.com/museo-naval-en-ferrol.html

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km

Idades: Terceiro ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Bioloxía, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura, Educación Física

Duración: Ruta Muíños: entre dúas e tres horas, 6km, fácil
Ruta dos Sentidos: sobre dúas horas, 3km, fácil
Ruta da Poza da Lagoa: sobre dúas horas, 3km, dificultade media

Máis info: A Ruta dos Muíños ten unha unidade didáctica para traballar na aula. Solicítaa no enderezo electrónico *avvvalledeesmelle@gmail.com*

Información sobre o aluguer de bicicletas no 646 109 150 ou en *cbttvalledeesmelle@gmail.com*

De gran atractivo natural, ***Esmelle é un val cun enorme patrimonio etnográfico***. No ano 2003 e grazas á veciñanza púxose en marcha o ***Proxecto Esmelle***, coa fin de revalorizar e recuperar a zona mediante a restauración dos muíños e a conservación do bosque autóctono.

Esta parroquia conta con ***diferentes rutas de sendeirisimo*** que é posible facer co alumnado camiñando ou en bicicleta. Pódese solicitar que algún membro da Asociación de Veciños sexa o guía do grupo. Ademais, estes dispoñen de unidades didácticas para que se poida continuar traballando sobre o tema nas aulas.

Por este val pasan catro pequenos ríos arredor dos que se sitúan un total de ***22 muíños, fontes e lavadoiros***. A ***Ruta dos Muíños*** permite visitar estas edificacións, que no pasado foron un elemento esencial da vida cotiá. Actualmente, e grazas á veciñanza, varias das aceas están restauradas.

A ***Ruta dos Sentidos*** é outra das andainas que se poden facer por Esmelle. Está ***inspirada no libro Merlín e Familia do escritor Álvaro Cunqueiro***. No percorrido, ademais de paneis con fragmentos da obra, atópase o muíño de Otero, no que hai unha estatua adicada ao mago. Neste traxecto búscase gozar mediante o uso dos sentidos e a imaxinación nun entorno natural máxico.

A ***Ruta da Poza da Lagoa*** comeza en San Xoán de Esmelle e continúa por un antigo camiño castrense actualmente abandonado ata a Poza da Lagoa. Na parte final do itinerario é posible achegarse ata o ***miradoiro do Pedrouzo***, no que se atopa un antigo búnker militar empregado para vixiar o tránsito marítimo.

Ademais de plans de natureza, nesta parroquia está o ***Centro BTT Valle de Esmelle***, no que principiantes e expertos poden desfrutar da bicicleta de montaña á vez que descobren os atractivos naturais da zona. Promoven a realización de deporte respectuoso coa contorna e a protección do hábitat. O centro, xestionado desde 2013 polo club BTT Esmelle, conta cunha Escola Deportiva (Biciescola), aluga bicicletas de montaña e tamén realiza rutas guiadas e eventos deportivos.

Ferrol 8Km
A Coruña 57Km
Viveiro 88Km
Santiago 100Km

Local social de Esmelle 15594 Ferrol
Tel. 605 932 677
www.facebook.com/valledeesmelle
avvvalledeesmelle@gmail.com

autoridade portuaria

faros e sendeiros

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao xestiona un dos recursos da paisaxe marítima máis atractivos para visitar: os ***faros da costa*** das nosas comarcas.

No litoral de Ferrol atópase ***Cabo Prioriño***, no que hai un faro construído en 1854. Nesta zona sitúanse tamén a batería de Prioriño (recuperada polo Porto), e a de Punta Viñas, que foi trasladada a este espazo no ano 2007.

Na parroquia de Covas localízase o ***Cabo Prior***. Os cantís que rodean o faro descenden pouco a pouco, cunhas escadas de pedra que permiten alcanzar o extremo, onde hai unha punta rochosa e unha portabandeira, e nas súas inmediacións outras tres baterías de costa.

O ***faro de Punta Candieira***, a nove quilómetros da vila de Cedeira, é outro dos puntos costeiros de interese para realizar unha excursión. Accédese desde o Monte Purrido por unha estreita estrada cunha baixada chea de curvas. Leva funcionando desde 1954 e ten unha vista privilexiada do mar, nunha zona de forte ondada.

As rochas máis antigas da península están no ***Cabo Ortegal***, cunha fermosa atalaia que actúa á vez como miradoiro, nun punto que fai de división entre Cantábrico e Atlántico.

E no límite da provincia de Lugo con Asturias atópase ***Illa Pancha***, cunha paisaxe de grande valor xeolóxico. Neste illote conectado por unha ponte hai un faro desde 1857, substituído por outro a finais do século XX, pois o antigo funciona agora como hotel.

Tamén depende da Autoridade Portuaria unha das rutas máis populares pola costa galega: a que percorre Punta Socastro, máis coñecida como ***O Fuciño do Porco***. Situado en O Vicedo, este percorrido permite adentrarse na natureza e camiñar por un circuíto de escadas de madeira sobre un saínte rochoso no mar, desde onde hai unhas vistas inmellorables de todo o contorno. É unha visita máis axeitada para alumnado maior, pois o traxecto de ida e volta é longo e sen áreas para descansar.

Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Educación Física, Ciencias Sociais

Recomendacións: Para visitar calquera dos faros é recomendable levar protección contra o vento e prismáticos

Sede: Peirao de Curuxeiras s/n. Ferrol
Tlfo. 981 338 000
www.apfsc.com *ferrol@apfsc.es*

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km

GRANXA do SOUTO

CENTRO DE ACTIVIDADES ECUESTRES

VISITAS ESCOLARES

Equitación, naturaleza y animales en un lugar muy especial.

Montar a caballo, darles de comer a los animales de la granja (caballos, vacas, cabras, burros, conejos, gallinas) y disfrutar con todos ellos en plena naturaleza, aprender a plantar o hacer otros trabajos típicos de una granja, pasear por las orillas del río que rodea la granja y acabar la jornada jugando, son algunas de las cosas que planteamos en Granxa do Souto para que todo el alumnado tenga un día de absoluta desconexión.

- **Un día**: Visita a la granja
- **Varios días**: Si queréis dormir en nuestra granja hípica con tu clase... ¡contáctanos!
- **Semanalmente**: Tenemos grupos de equitación como actividad extraescolar para colegios e institutos.

Comedor Parque Parking Pista cubierta Aseos Albergue

Mera de Baixo - 15340 - Ortigueira - A Coruña

www.granxadosouto.es - info@granxadosouto.es - tlf. 619 42 07 92

narón

aldea nova

No Monte dos Nenos atópase a ***Granxa Escola Aldea Nova***, un enorme parque temático dedicado a poñer en valor a identidade galega e os valores tradicionais. Foi inaugurado no 2008 e ofrece diferentes actividades e obradoiros cos que achegar aos pequenos a vida nas aldeas.

Nos ***máis de 35.000 metros cadrados*** de superficie hai espazo para facer case de todo. O recinto permite megullarse na natureza e na cultura autóctona galega. Durante a xornada é posible visitar a ***recreación dun castro*** e o seu dolmen, e ademais contan cunha ***casa museo*** onde se expoñen algunhas das ferramentas de labranza tradicionais coas que ensinar aos escolares como traballaban no campo os seus devanceiros. E para poñelo en práctica hai ***unha horta e un invernadoiro*** no que os rapaces poden converterse en agricultores por unhas horas, aprendendo o básico sobre os cultivos. Un dos elementos de maior atractivo de Aldea Nova para os rapaces e rapazas é a súa granxa. Nesta hai ***numerosos animais*** que están encantados de recibir visitas. E para os máis atrevidos, en Aldea Nova ***é posible vestirse de apicultor e visitar as colmeas***, así como aprender a realizar candeas e, por suposto, desgustar o mel.

Por outra parte, tamén lle dan importancia á astronomía e ao coñecemento do ceo. Por iso contan cunha enorme cúpula de seis metros no seu ***planetario***, onde proxectan películas sobre o universo e as estrelas.

Situada nun lugar privilexiado e cunhas vistas incribles, esta granxa escola ofrece unha experiencia moi completa grazas a todas as instalacións e actividades que posúe. As visitas son deseñadas entre os monitores e o profesorado de xeito específico para cada grupo, adaptándose sempre as idades do alumnado e aos seus intereses.

Idades: Infantil, Primaria, ESO

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Duración: Media xornada ou xornada completa. Hai un albergue con 40 prazas, que ofrece a posibilidade de alongar a visita varios días, e un comedor con capacidade para 150 persoas

Prezo para escolas: entre 10 e 12 euros por neno, segundo as horas. O parque funciona todo o ano, tamén en fin de semana

Máis información: A granxa escola conta cun aulario onde se poden impartir diferentes cursos e cunha pista de herba para practicar diferentes actividades, desde equitación ata tiro con arco

Teléfono: 981 368 382

Lagoela s/n. San Estevo de Sedes
15596 Narón
aldeanovagranja@gmail.com *www.aldeanova.com*

Ferrol 15 Km
A Coruña 56 Km
Viveiro 72 Km
Santiago 99 Km

ruta dos muíños

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Duración: A duración é de 2 horas en bici e 4 horas andando, cunha lonxitude de 14 Km. Ten unha dificultade media

Recomendacións: Non facer esta ruta en época de choiva polas inundacións nas zonas próximas ao río

Máis información: A cafetería da área recreativa de Pedroso está aberta no verán, o resto do ano só para eventos ou as fins de semana en primavera.

Información da ruta en Wikiloc en *es.wikiloc.com/rutas-senderismo/ruta-dos-muinos-31086664*

O inicio desta andaina está no ***mosteiro de San Martiño de Xuvia***, que, cun interesante pasado, foi declarado ***Ben de Interese Cultural***. Está situado no paso do Camiño Inglés, e é o punto de comezo do percorrido ata San Andrés de Teixido.

A Ruta dos Muíños é un traxecto de 14 quilómetros que bordea o río Xuvia, mostrando ao seu paso diferentes lugares de interese do concello de importancia histórica e cultural e tamén paisaxes de gran singularidade e beleza.

Neste itinerario atópanse igrexas, pontes, presas e por suposto, aceas. O traxecto pasa xunto a muíños como o das Aceñas, o de Xuvia, o de Entrerríos ou a presa do Rei que, construída no século XVIII, abastecía de auga á Real Casa da Moeda de Xuvia. No camiño tamén se atopan a ponte románica de Piela, a mítica fonte de Odín e a igrexa de Doso, situada nunha antiga área de culto celta.

Na andaina destaca o ***magnolio de Xuvia***, unha árbore centenaria plantada no século XVIII e que a día de hoxe é a máis singular da localidade e unha das máis antigas de todo o continente. Para poñer en valor estes espazos, o Concello organiza actividades culturais e musicais durante o verán na contorna do magnolio. E co obxectivo de facer a experiencia aínda máis completa, nos ***paneis informativos ao longo da ruta*** hai códigos QR para escanear co móbil, que conteñen audioguías sobre o itinerario.

O percorrido remata na ***Área Recreativa do Pedroso*** (ver páxina dedicada a esta zona), un amplo espazo natural con bancos e mesas, parque infantil e un cámping. Pódese facer un descanso aquí antes de rematar a excursión, deixando ao alumnado un tempo para xogar no medio da natureza.

Ferrol 5 Km
A Coruña 52 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 95 Km

Saída do Mosteiro de San Martiño de Xuvia
Tel. 981 337 700 Ext. 2301
turismo.naron.es/gl/conece-naron/que-visitar/rutas/ruta-dos-muinos

narón

área recreativa de pedroso

A Área Recreativa de Pedroso é unha zona de descanso no medio da natureza, nun espazo catalogado como ***Zona Natural Protexida***, a carón do río Xuvia. É un lugar moi axeitado para pasar unha xornada de lecer coa familia ou para realizar excursións escolares, polo seu completo equipamento.

Aquí está o ***muíño de Pedroso***, que ***data do ano 1800*** pero que foi restaurado e posto en funcionamento de novo no 1999. Actualmente está configurado como un emprazamento etnográfico ao que se realizan visitas. Na contorna tamén hai outros muíños rehabilitados, como o das Aceñas ou o de Entrerríos.

Esta área de natureza conta con espazos de sol e sombra onde sentarse a descansar despois de bañarse no río, ao que se accede a través dunhas escadas de madeira en forma de chanzo. Esta paraxe posúe ***mesas, bancos e grellas para poder xantar***, así como un ***parque infantil*** para os pequenos, aínda que o campo é suficientemente amplo como para gozar co alumnado facendo diferentes actividades ao aire libre. ***Paneis explicativos*** informan das especies animais que se poden observar neste contorno.

Ademais, hai unha zona de acampada con cabanas de madeira e un bar, pero que só abre no verán, e de forma ocasional nas fins de semana ou en eventos na primavera.

Para chegar ata esta área recreativa é posible facelo a través dalgunha das rutas de sendeirismo dos arredores, aínda que tamén se pode acceder en transporte privado, en coche ou autobús, xa que está afastada de zonas urbanas. Conta con ***dous aparcadoiros***, un na parte fluvial e outro nas proximidades da zona de mesas e grellas.



Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Recomendacións: Non facer as rutas pola zona en época de choivas polas inundacións próximas ao río

Indicacións: Accédese desde a autovía Ferrol-Vilalba AG-64, saíndo dirección Xuvia pola AC-862 e desviándose cara onde está sinalizada a 1Km. Tamén se pode chegar por Neda, pola autopista Coruña-Ferrol, continuando ata O Couso e preguntar alí



Área Natural Muíño de Pedroso s/n, Narón
Camping Río Xuvia
657 926 913

Ferrol 18 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 98 Km

EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

ALBERGUE DE ECOTURISMO

ACTIVIDADES PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL E A SOSTIBILIDADE

ACTIVIDADES DE OCIO NA NATUREZA

EU Ecolabel
www.ecolabel.eu
EU Ecolabel: ES-GA/025/001

Enerxía

Auga

Residuos

Consumo e alimentación

Horto ecolóxico

Bioconstrución

Patrimonio natural.Bosque. Litoral

Patrimonio cultural. Románico Eumés

Ocio na natureza: Piraguas, iniciación á escalada, rocódromo, cabalos, iniciacións ao surf, snorkel, rutas guiadas, xogos de orientación, paseos en barco, etc.

BREANCA nº 4 – DOROÑA
15615 VILARMAIOR
(PONTEDEUME) A CORUÑA
Telfs: 981 784563 - 648 92 51 34
info@alvarella.com
www.alvarella.gal

ALVARELLA ecoturismo

neda

percorrido pola natureza

Unha das mellores panorámicas da comarca é a que atopamos desde o ***Monte de Ancos***, que cos seus ***262 metros de altitude*** ofrece unhas vistas impresionantes de toda a ría de Ferrol.

Desde este miradoiro é posible contemplar, en días despexados, non só a desembocadura do río Grande de Xuvia e a zona de Ferrol, senón que tamén se alcanza a ver a vila de Sada e a cidade de Coruña.

Para chegar ata o punto máis elevado, onde se atopa o miradoiro, débense percorrer cerca de tres quilómetros, onde a pendente no seu tramo central é do 14%, polo que non resulta unha actividade apta para facer con nenos pequenos nin tampouco en días excesivamente calorosos. Porén, a área conta cun espazo de estacionamento para coches e autobuses.

Ademais das vistas excepcionais, é unha excursión moi interesante pola paisaxe e o valor ambiental do lugar, no que se están a repoboar as especies árboreas autóctonas desde o ano 2018. Nas inmediacións atópase tamén o ***castro de Ancos***, relacionado coa lenda da antiga cidade de Libunca, unha urbe que supostamente estivo habitada na zona ata ben entrada a Idade Media.

O ***paseo marítimo*** de Neda é o punto de unión do municipio co concello de Narón por un lado, e con Fene polo outro. Ademais de ter ***bancos e áreas de descanso***, conta con ***tres parques infantís e unha pista polideportiva*** ao aire libre, polo que pode ser un lugar estupendo para facer unha parada na excursión e gozar dun tempo de xogo nun ambiente relaxado.

Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Recomendacións: Levar prismáticos para a visita ao monte de Ancos. Ir ben atentos e atentas ás aves que se poden ver no paseo marítimo, onde abundan os parrulos

Máis información: De camiño ao miradoiro deixamos atrás a Mourela Alta, onde conta a lenda que se librou a última batalla contra os mouros

Monte de Ancos 43°31'03.6"N 8°08'28"W
Concello de Neda Tel. 981 380 039
neda.gal

Ferrol 13 Km
A Coruña 53 Km
Viveiro 78 Km
Santiago 97 Km

neda

xogando coa auga

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia

Duración: Estímase en media xornada cada unha das rutas

Recomendación: Levar auga e roupa e calzado axeitados para camiñar

Máis información: Na fervenza e polos seus arredores hai un sendeiro que aparece en varias rutas de sendeirismo: *www.encantorural.com/ruta/a-coruna/ruta-rio-y-fervenza-do-belelle/49*

Neda é unha vila cunha íntima conexión coa auga e a natureza, que se ve reflectida en toda a súa contorna. A ***Fervenza do Río Belelle*** está situada na parroquia do Roxal, e é unha das paisaxes fluviais máis atractivas da zona.

Para chegar ata ela pódese facer unha ***ruta circular desde o pazo de Isabel II***, unha antiga fábrica de tecidos, cun aparcadoiro público ao seu carón. Este camiño discorre á beira do Belelle, onde antigamente chegaron a existir sobre 40 instalacións, entre muíños, fábricas e ferrerías. ***A fervenza conta cunha caída de 45 metros e varias pozas na súa base***, onde é moi habitual ver a xente dándose un baño durante o verán.

Outro dos espazos naturais de interese no concello é a ***Área recreativa da Ponte da Cobeluda***, que conta cunha ***piscina natural*** de 50 metros de longo e 10 de ancho, creada polo río Castro. Actualmente neste emplazamento hai ***un parque infantil, lareiras e unha zona de merendeiro***, que completan a oferta de servizos do lugar.

Ademais de poder pasar un día de lecer baixo o sol, existen diferentes ***rutas de sendeirismo*** que se poden percorrer cos escolares, e aínda que algunhas están máis orientadas a persoas con experiencia neste tipo de actividades, hai outras que permiten bordear o río Castro de maneira sinxela cos máis pequenos.

A calidade da auga de Neda reflíctese no seu pan. É considerada a capital do trigo de Galicia, e cada ano desde hai máis de 30 organizan na primeira fin de semana de setembro, a ***Festa do Pan***. Nesta celebración, ademais dunha degustación e venda de produtos, realízanse outras actividades paralelas, entre elas actuacións musicais.

Ferrol 13 Km
A Coruña 53 Km
Viveiro 78 Km
Santiago 97 Km

Fervenza Belelle 43°28'56.1"N 8°07'16.8"W
Concello de Neda Tel. 981 380 039
neda.gal

e-makers LAB

DOMINA LA TECNOLOGÍA, CAMBIA EL MUNDO

Un espacio maker de 200 m² donde dejar volar tu imaginación. Aprende en un entorno estimulante y prepárate para un futuro apasionante.

- Modelado e Impresión 3D
- Robótica e Ingeniería
- Desarrollo de Videojuegos y Animación
- Drones y Electrónica
- Creación y Productividad con el PC

EXTRAESCOLARES Y CAMPAMENTOS

... también en centros educativos

- Medidas de seguridad
- Solo 6 Plazas por curso
- Tienda LEGO, A Gándara, Narón
- Clases de 1 h 45 min

www.e-maker.space

604 06 45 70

un proyecto de espacio vivo

LEGO education

Ven a conocer los nuevos kits de robótica

TINKER BOTS

Asesoramiento y venta de soluciones STEAM y equipamiento para las aulas.

Sets educativos

Kits de robótica

Impresoras 3D

Filamento

Paneles interactivos

Infantil, primaria y secundaria

c./ Castelao, 82 - C.C.COMCOR
15570 - Narón (A CORUÑA)
Telf.: 881 95 35 14
info@todocio.es - www.todocio.es

TODO OCIO EDUCATION

fene
museo do humor

Este museo é único en Galicia. Centrado no humor e a risa, o seu obxectivo principal é entreter e divertir ás personas que por alí pasen. ***Fundouse en 1984 da man do debuxante Xaquín Marín***, quen, ademais de fundador, foi director da entidade os primeiros 25 anos.

A forma galega de interpretar o humor parecía que estaba por desaparecer antes da fundación do museo, motivo polo que en 1983, Marín e Siro López percorreron Galicia cun ***manifesto en defensa do humor*** co que se pretendía concienciar á poboación galega.

A arte axuda a fomentar a creatividade dos nenos e nenas e promove o coñecemento cultural e a sensibilidade. Este non é un museo no que aburrirse, senón todo o contrario. Unha visita a estas salas permite achegarse á figura do seu impulsor, pero tamén a outros moitos humoristas gráficos galegos, como Siro López, Reimundo Patiño, Quesada, Forxán, Luís Davila, Pinto&Chinto, Andrés Meixide, Kiko Dasilva, Leandro Barea ou Miguelanxo Prado…

O Museo do Humor conta na súa ***exposición permanente con preto de 300 orixinais***, entre os que ademais de pezas de humor gráfico tamén podemos atopar obxectos curiosos como as esculturas do "Galego nas escaleiras" ou do "Carrabouxo", unha colección de pedras pintadas e espellos cóncavos e convexos nos que o alumnado pode ver a súa propia imaxe deformada.

Para facer a visita aínda máis divertida existe a posibilidade de realizar un ***tour guiado*** pola exposición, que conta con espazos dedicados ás caricaturas, ao humor negro ou á banda deseñada, entre outros. Tamén se organizan ***obradoiros artísticos, adaptados segundo a idade***.

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Plástica, Ciencias Sociais, Debuxo

Horarios: Visitas guiadas en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas, de luns a venres

Máis información: *museodohumor.fene.gal*

Avda. de Conces, 20-22. Fene
Teléfonos: 981 342 400 / 981 341 451
museodohumor@fenecidadan.gal
museodohumor@gmail.com

www.facebook.com/museodohumorfene
www.twitter.com/museodohumor

fene
museo do humor

Ruta: "Viñetas do Camiño"

Descrición: Exposición ao aire libre con vinte e catro obras espalladas en seis cubos ao longo do Camiño Inglés ao seu paso por Ferrolterra

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Plástica, Ciencias Sociais, Debuxo

Horarios: A exposición ao aire libre pódese visitar ata decembro; a mostra virtual está dispoñible de forma permanente en *www.vinetasdocamino.gal*

O Museo do Humor converteuse tamén en activo promotor de actividades culturais coma os premios de humor gráfico "Curuxa" ou, máis recentemente, o proxecto ***"Viñetas do Camiño"***.

A iniciativa, enmarcada dentro do programa O Teu Xacobeo, puxo en valor o patrimonio material e inmaterial do Camiño Inglés ao seu paso por Ferrolterra a través do traballo artístico dunha ducia de ilustradores da comarca.

O proxecto mobilizou durante a primaveira de 2021 ao tecido asociativo e cultural da localidade, dando lugar a obradoiros escolares e para adultos, actuacións musicais e humorísticas, encontros de ilustradores e, sobre todo, a unha "***Andaina Debuxada"*** que levou aos participantes a percorrer emprazamentos destacados da ruta cara compostela. O froito desta actividade quedou reflectido nunha ***exposición virtual e noutra mostra ao aire libre***.

www.youtube.com/c/MuseoDoHumor

www.instagram.com/museodohumorfene

Ferrol 6Km
A Coruña 46Km
Viveiro 80Km
Santiago 87Km

fene

praias e ocio activo

Situada entre dúas rías, Fene é unha localidade moi ligada ao mundo do mar, sobre todo pola súa forte vinculación coa construcción naval e os estaleiros, que se remonta a mediados do século XX.

Actualmente, neste concello pódense realizar diferentes actividades de ocio activo na contorna marítima, moi interesantes para levar a cabo co alumnado de diferentes etapas educativas nas épocas de bo tempo, como pode ser a finais de xuño ou a principios do curso escolar, en setembro ou outubro.

As praias deste municipio, cunha orientación privilexiada, son na súa totalidade de ría, de ***pequenas dimensións, con area fina, augas tranquilas e limpas***. Pouco concorridas e de fácil acceso, estas calas posúen paisaxes naturais de gran beleza e valor paisaxístico. Nelas pódese realizar algún tipo de actividade ou deporte náutico, como o piragüismo, a vela ou o palasurf.

Entre os areais máis destacados da vila están os de ***Río Sandeo, Río Castro e Coído***, situados na parroquia de Limodre, na parte que dá á ría de Ares, desde onde contemplar o resto das calas das ribeiras. Tamén nesta parroquia está a praia de ***Almieiras***, unha zona habitual para o fondeo de embarcacións.

Ademais, existe unha ***senda natural que conecta os areais*** pola que se pode facer unha ruta de sendeirismo co alumnado e apreciar a riqueza do emprazamento no que a flora e fauna autóctona se refire.

Aínda que se trata de paraxes naturais de gran valor e non urbanizados, todas as praias contan con ***bos accesos, aparcadoiros e servizos*** que favorecen que se acheguen a elas grupos organizados.

Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Bioloxía

Máis información: Departamento de Deportes Concello de Fene
Teléfono 607 615 962 / Mail: cultura.deportes@fene.gal

Concellerías de Ensino e Deportes
Av. de Naturais, 44, entresollado. Fene
Teléfono: 981 340 366 / Mail: cultura.deportes@fene.gal

Ferrol 6Km
A Coruña 46Km
Viveiro 80Km
Santiago 87Km

cabanas
patrimonio indiano

Idades: ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Historia da Arte, Ciencias Sociais

Duración: Dúas horas aproximadamente

Máis información: *turismo.cabanas.gal*

Para descargar un plano da ruta: *cabanas.gal/area-turismo*

O retorno dos emigrantes a Galicia trouxo consigo un importante impacto social, económico e cultural que deixou a súa pegada para a posteridade mediante a arquitectura indiana, caracterizada por ***mesturar elementos construtivos*** autóctonos con outros de correntes internacionais coma o modernismo, o historicismo, o eclecticismo ou o racionalismo.

Este tipo de construcións propias dos primeiros 30 anos do século XX, ***localízanse en zonas rurais ou periurbanas***. Teñen unha importante presenza na comarca de Ferrolterra, e en concreto na península de Bezoucos, onde está o concello de Cabanas.

Na área de San Martiño do Porto atópase Vila Fraián, que podería ser a primeira parada da ruta, por estar situada na estrada que conecta Cabanas con Mugardos. Foi a vivenda familiar dos irmáns Patiño, reformada mesturando ***elementos rexionalistas e modernistas*** en 1920. Moi preto desta vivenda está a de Vista Alegre, que foi levantada polos irmáns Barros nunha etapa máis tardía, combinando o estilo indiano con elementos rexionalistas.

Dentro da arquitectura civil indiana destaca a Escola Laica, construída pola Sociedade da Luz en 1929 como escola e casa do mestre, pero tamén coma refuxio de orfos de guerra. De camiño ata o seguinte punto, xa na área urbana de Cabanas, pode ser un bo momento para achegarse ata o ***areal da Madalena*** e facer un pequeno descanso.

Moi próximo á praia atópase o Chalé do Arenal, de estilo rexionalista, que data entre 1930 e 1934. Foi promovido por Emilio Blanco, emigrante na Arxentina, e no seu momento, este palacete foi a vivenda máis significativa do contorno.

Por último estaría a casa Vila da Pena, situada na parroquia de Irís, a uns 15 minutos camiñando da anterior, que foi construída en 1912 segundo o estilo rexionalista por encargo de Pedro Fernández Murís.

Ferrol 13 Km
A Coruña 39 Km
Viveiro 79 Km
Santiago 82 Km

Concello de Cabanas
Rúa de Concello, 22
Teléfono: 981 49 59 59

pontedeume

mercado municipal e pazo dos andrade

A vila de Pontedeume estreou a comezos de 2021 o seu novo mercado, ubicado no antigo pazo dos Andrade. Este espazo promove o crecemento da economía local e o consumo de produtos saudábeis e de proximidade través dunha gran variedade de postos: froitarías, peixarías, carnizarías, alimentos ecolóxicos…

O pazo foi unha das propiedades máis destacadas da familia Andrade desde que en 1371 se asentou no pobo. ***Esta edificación chegou a ter unha superficie de 1.250 metros cadrados***, ocupando gran parte da actual praza do Conde desde finais do século XVI. Foi construída probablemente por Fernán Pérez de Andrade, nun área na que anteriormente xa existira unha fortaleza, testemuña das revoltas Irmandiñas.

O pazo distribuíase arredor dun patio central con arcadas apuntadas e contaba con sala de audiencia, cociña, sala de xustiza, así coma outras estancias como unha capela ou o senlleiro Torreón, que aínda se conserva na actualidade. Pese a manterse como propiedade dos Andrade, a edificación foise deteriorando. ***En 1905 pasou a mans municipais e, aínda que se lle pretendeu dar diversos usos, acabou caendo na metade da década dos anos 30***.

Tradicionalmente na praza xa se viñan realizando feiras de gando, o que favoreceu a ***construción nos anos 50 do Mercado Municipal (hoxe rehabilitado)*** en substitución do pazo. Como complemento deste, desde os anos 70 vense celebrando o Feirón dos sábados no espazo dianteiro e nas rúas anexas, o que contribúe á revitalización do comercio da zona, sendo actualmente un dos símbolos do municipio.

Esta excursión é unha forma de achegar aos escolares non só a historia do espazo, senón tamén á importancia de comprar produtos locais e de calidade. Permite fomentar a alimentación saudábel, onde predominen froitas, hortalizas, peixes ou carnes frescas. Tamén axuda a facer consciente ao alumnado da importancia da compra de proximidade, reducindo a pegada de carbono, cun estilo de vida máis sostíbel e respectuoso co medio.

Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Bioloxía

Horario: De luns a sábado, de 9.30 a 13.30 horas

Duración: 2 horas

Prezo: Gratuíto

Servizos: Variedade de tendas de alimentación

Máis información: Vídeo promocional do Mercado Municipal:

Praza do Conde s/n, Pontedeume
www.mercadopontedeume.gal

Ferrol 19Km
A Coruña 39Km
Viveiro 78Km
Santiago 82Km

pontedeume
ruta dos andrade

Idades: Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Historia da Arte

Duración: Media xornada

Servizos: Durante o percorrido os visitantes atoparán gran variedade de tendas onde poder adquirir, entre outros, recordos ou alimentos

Máis información: Na web de turismo do Concello de Pontedeume pódese atopar información detallada para elaborar unha ruta polo casco antigo da localidade

Vídeo promocional Exposición "750 anos construíndo a historia de Pontedeume":

Un pasado cheo de historia agóchase tras as estreitas e empedradas rúas de Pontedeume, que ***en decembro de 2020 festexou o 750 aniversario da súa fundación***. Como parte da celebración, inaugurouse un monolito nos xardíns do Convento dos Agostiños, que se integra no conxunto coas figuras do rei Alfonso X e ***o oso e o xabarín***, emblemas da familia Andrade.

A etapa de maior esplendor deste pobo estivo estreitamente vencellada á familia Andrade. A localidade tivo moita importancia no desenvolvemento da comarca e posúe un casco antigo cun patrimonio de gran valor.

A ***ponte de pedra*** que dá nome á vila edificouse entre 1863 e 1870, sendo remodelada anos máis tarde ata quedar cos 15 arcos actuais.

Un dos símbolos máis característicos de Pontedeume é o Torreón dos Andrade, construído a finais do século XIV. Con 18 metros de alto, é o derradeiro resto que se conserva do pazo medieval, que completaba o recinto amurallado que se estendía pola ribeira.

No centro histórico está tamén a praza do Conde, na que se atopan o Mercado Municipal e a fonte do Pilón, no espazo antigamente ocupado pola casa-pazo. ***Seguindo pola rúa de Couceiro Freijomil chégase ata a primitiva praza do Rollo (actual praza Real), presente na fundación da vila e ampliada en 1617***. Nela encóntrase a Casa Consistorial. Nas inmediacións ubícase o ***pazo do arzobispo Raxoi***, que data do século XVIII.

Pasar pola ***igrexa parroquial de Santiago*** é outra das paradas obrigadas. A capela maior coa sancristía vella foi mandada construír por Fernando de Andrade no primeiro terzo do século XVI. Bordeando o atrio, xunto ao que foi a porta do Postigo, consérvase a base da ***antiga muralla***.

Ferrol 19Km
A Coruña 39Km
Viveiro 78Km
Santiago 82Km

Oficina de Turismo-Torreón dos Andrade
Praza do Conde s/n, 15600 Pontedeume
pontedeumeturismo.es

as pontes

casa do mel e museo etnográfico

A Casa do Mel propón como novidade deste ano as ***Apirrutas***, coas que coñecer en profundidade o mundo das abellas. Hai dous itinerarios, un máis curto e outro de varias horas, apto para alumnado de maior idade. Son percorridos de sendeirismo pola zona de rehabilitación de Endesa onde se sitúan tres apiarios. Ambas finalizan cunha charla na ***aula de natureza,*** e son unha oportunidade xenial para que o alumnado coñeza de primeira man como se desenvolve a actividade apícola. É necesario e imprescindible reservar con antelación.

Ademais, seguen mantendo as ***visitas guiadas*** ás exposicións que alberga a casa-museo, onde tamén se realizan obradoiros de cera e catas de mel cos nenos e nenas.

Na praza da Igrexa do concello de As Pontes atópase o Museo Etnográfico Monte Caxado, no que actualmente hai ***arredor de 4.000 obxectos*** da colección que comezou en 1984 o mestre José López Ferro. Neste espazo repártense pezas como xogos populares, ferramentas ou útiles vencellados aos oficios tradicionais, a recreación dunha aula ou maletas, que rememoran a emigración. A través destes elementos preténdese recoller e promocionar o patrimonio etnográfico da comarca do Eume, dándolle a coñecer ás persoas que o visitan a historia da zona.

En 2015 creouse a Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, declarada de interese cultural e cuxo obxectivo principal é garantir a perdurabilidade da colección. Porén, López Ferro segue a ser un elemento vital neste proxecto, ocupándose de atender as visitas guiadas e de coidar os fondos do museo, que medran constantemente grazas ás ***aportacións da veciñanza pontesa***.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Bioloxía

Información Casa do Mel: O prezo depende do grupo, a partir de 2€/ persoa, con guía. O horario é a convir polo grupo. É necesaria unha reserva previa chamando ao 661 003 616
Hai unha tenda de mel e produtos apícolas
Ten un aparcadoiro amplio
www.casadomel.es

Información Museo Etnográfico: O prezo é gratuíto e con guía. En inverno abre de martes a xoves de 18.00 a 19.30 horas e os sábados, domingos e festivos, de 11.30 a 13.00 horas, aínda que os grupos poden concertar cita segundo as súas necesidades.
A visita dura sobre unha hora e media, adaptable.
fundacionmemc.gal

Casa do Mel:
Estrada Pontedeume-As Pontes (AC-564), 5 Goente
661 003 616 / 981 102 249
Museo Etnográfico Monte Caxado:
Praza da Igrexa, As Pontes. 670 509 697 / 698 148 890

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

as pontes en pezas e as pontes misteriosa

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Plástica, Tecnoloxía, Historia e Xeografía, Historia do Arte

Máis info: *enpezas.aspontes.org*
App de As Pontes Misteriosa:
play.google.com/store/apps/details?id=com.cleventy.aspontes

En 2017 naceu As Pontes en Pezas, un proxecto artístico de transformación ambiental, onde a partir de diversas técnicas e estilos se contan ***historias características do pobo e a súa contorna***, axudando a través do arte a rexenerar a vila.

Este museo ao aire libre distribúese pola zona urbana e conta con ***máis de 40 obras***, elaboradas tanto por muralistas recoñecidos como por artistas locais e a propia veciñanza de As Pontes. Diferentes técnicas artísticas mestúranse neste percorrido, onde hai desde murais de gran tamaño ata obras fotográficas, ou graffiti con fíos (yarn bombing), entre moitas outras técnicas.

Búscase promover a cooperación, a inclusión social e a convivencia, ao tempo que se estimula a creatividade artística. A finalidade da iniciativa é facer fincapé na importancia de construír un museo a ceo aberto, peza a peza, polo que pode ser unha ruta de gran interese para facer co alumnado, polos ***valores sociais e artísticos*** que transmite.

Outra das formas de coñecer o patrimonio da localidade é mediante a a***plicación móbil de escape room*** que presentou este ano o concello: As Pontes Misteriosa. A ferramenta presenta un xogo autoguiado a través dunha ruta mapeada onde pistas e enigmas dirixen o percorrido por diferentes puntos da vila. Consta de 20 localizacións, nas que a resolución de cada incógnita permite avanzar gañando puntos ata chegar ao misterio final.

Esta aplicación permite descubrir diferentes espazos e zonas emblemáticas do municipio ao tempo que mostra a súa historia. É unha actividade xenial para facer co alumnado, pois é unha ***fórmula orixinal e divertida de aprender*** á vez que se xoga.

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

Casa do Concello
Parque Municipal, s/n
Teléfono 608 201 251

as pontes
ruta industrial

No último século, o concello das Pontes converteuse nun dos puntos de España con maior patrimonio industrial, e un dos ***referentes nesta tipoloxía de turismo***. Neste ano 2021 o municipio entrou a formar parte da Rede Europea de Patrimonio Industrial (ERIH), único enclave da provincia da Coruña en ser integrado neste proxecto.

O lignito pardo montés, descuberto no século XVIII, condicionou a ***historia da localidade.*** Tras varios intentos frustrados, nos anos 40 comezou a extracción a gran escala do carbón e o desenvolvemento da maior explotación a ceo aberto de España. Ao redor deste fenómeno levouse a cabo un proceso de industrialización da zona coa construción de centrais eléctricas, encoros e poboados de vivendas para o persoal, que a día de hoxe compoñen o patrimonio das Pontes.

Para coñecer o patrimonio industrial da localidade pódese realizar un percorrido polos lugares máis emblemáticos. Un deles é o ***lago artificial***. É un lugar idóneo para realizar xogos ou actividades de lecer en días de bo tempo, pois o lago, que en 2021 foi distinguido coa Bandeira Azul, conta con augas tranquilas cunha temperatura media de 22 graos.

Ao redor do lago artificial das Pontes habilitouse unha ruta denominada "Senda da Memoria". Trátase dun itinerario lineal de nove quilómetros de percorrido que ofrece unhas vistas marabillosas da paisaxe, ademais dunha contorna idónea para relaxarse e dar un paseo a pé ou en bicicleta. Un traxecto no que se pode apreciar un ecosistema froito dunha colonización espontánea que alberga áreas de humidais, pasteiros, arboledas e matogueiras nos que habitan máis de 217 especies vexetais e 205 especies animais.

A senda conta cunha boa señalización, áreas de descanso e observatorio de aves; así coma paneis informativos nos que se recolle información do contorno, a fauna e a flora deste emprazamento.

Outro dos elementos máis característicos é a Central Térmica de Endesa, cuxos puntos de maior impacto son a cúpula do parque de carbóns e a súa espectacular cheminea, que con 356 metros é a máis alta de Europa.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais

Reserva: Non é necesaria. Trátase dunha zona de libre acceso

Precio: Gratuíto

O lago das Pontes é o punto de partida da ruta
Concello das Pontes
Tel. 981 453 116

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

fragas do eume

mosteiro de caaveiro e fragas do eume

As Fragas do Eume son un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa. Nas súas ***9.000 hectáreas*** posúe unha riqueza natural extraordinaria, con diferentes especies arbóreas que conforman un contorno vexetal envexable.

Desde a Deputación da Coruña contan cun programa de turismo escolar no que se pretende que os máis xoves coñezan o patrimonio da zona. Neste proxecto inclúese unha visita ás Fragas do Eume, onde existen ***catro rutas de sendeirismo*** moi interesantes para facer co alumnado. Algún destes itinerarios chega ata o ***Mosteiro de Caaveiro, un templo do século X*** que se alza sobre un montículo rochoso entre os ríos Eume e Sesín.

A Deputación propón tamén ***outros percorridos pola provincia***, que poden adaptarse as necesidades e intereses de cada centro, e incluso combinalos para mellorar a experiencia:

"Testemuñas de pedra" é unha andaina que pasa polo Pazo das Torres do Alto e o Castelo de Vimianzo.

Para coñecer a historia da tradición da olería é posible realizar o paseo chamado "Ritual e tradición", que se achega ao mundo do barro a través do ECOmuseo Forno do Forte en Buño e tamén á historia do Dolmen de Dombate, en Cabana de Bergantiños.

Outra das excursións propostas é "Romanos no Mandeo", na que se integra a visita ao Centro de Interpretación de Teixeiro, para poñer en valor o patrimonio do contorno.

E por último, a ruta do "Bosque Animado", na que se pretende que o alumnado descubra como era a vida nos pazos, percorrendo o Pazo de Mariñán e a Casa de Wenceslao Fernández Flórez, a cal inspirou a súa novela O bosque animado.

Ademais, para incentivar aos rapaces para aprender durante as excursións, desde a Deputación organízase un concurso de debuxo e escrita. Neste prémiase aos escolares que mellor reflictan os coñecementos adquiridos durante as visitas.

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Recomendacións: Pódense concertar con antelación visitas guiadas

Restrición de acceso de vehículos particulares ao Mosteiro de Caaveiro durante o verán.

Máis información: A Deputación de A Coruña pon a disposición dos visitantes un servicio de transporte gratuíto dende o Centro de Interpretación das Fragas do Eume.

turismo.dacoruna.gal/es/descubre/turismo-escolar



Ferrol 25 Km
A Coruña 45 Km
Viveiro 85 Km
Santiago 88 Km

Centros de recepción de visitantes:
Estrada Pontedeume-Mosteiro de Caaveiro, km 6, Ombre
Estrada DP-5003 Mosteiro de Monfero
Museo Etnográfico da Capela. O Pazo, s/n. A Capela

xeoparque do cabo ortegal

Deputación DA CORUÑA

Na área norte da provincia da Coruña atópase un complexo xeolóxico de gran valor que aspira a converterse no Xeoparque de Cabo Ortegal. Conta cunha ***extensión de 630 quilómetros cadrados que se distribúen polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño***. Actualmente agarda ser recoñecido co distintivo internacional de Global Geopark que concede a UNESCO e cuxa candidatura resolverase en novembro de 2021. De obter este recoñecemento, converteríase no segundo xeoparque de Galicia, xunto co de Montañas do Courel, declarado no 2019.

Neste territorio existen ***52 Lugares de Interese Xeolóxico***, dos que polo menos cinco teñen relevancia internacional. Unha das peculiaridades deste espazo vén dada pola existencia de rochas na superficie que normalmente están a 70 quilómetros baixo a terra, pois en moi poucos sitios do planeta é posible ver o que sucedeu nas profundidades do globo terráqueo.

Existen ***diferentes rutas guiadas para descubrir os segredos xeolóxicos da zona***, da man de Francisco Canosa, un dos promotores do proxecto e autor da guía xeolóxica onde se recollen os sete itinerarios para coñecer o xeodestino en profundidade.

Co Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal búscase promover e difundir o sustrato xeolóxico da área que comprende, así como poñelo en valor, non só para os máis de 28.000 habitantes dos municipios implicados, senón para que este sexa un referente turístico e de divulgación sobre o patrimonio xeolóxico.

Aínda que no ámbito do xeodestino existen numerosos puntos de interese, nos percorridos propostos por Canosa é posible coñecer

Información e fotos sobre a rutas do Xeoparque Cabo Ortegal realizadas por **Francisco Canosa**:

Máis información en
proxecto.xeoparquecaboortegal.gal e en turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal

rutasxeoloxicasdegalicia.blogspot.com/2017/03/xeorutas-en-galicia-norte-georutas-en.html

elementos tan interesantes e de gran valor como o Macizo do Limo en Cariño ou as formacións rochosas e o litoral de Teixido en Cedeira. Neste último punto atópanse tamén os cantís máis elevados da Europa Continental, de 600 metros de altitude.

No norte do xeoparque están os cabos de Ortegal e Estaca de Bares, que é o punto máis setentrional da Península Ibérica. Outro dos grandes atractivos da ruta é a visita á ***praia de Teixidelo***, a única de area negra non volcánica que existe no mundo.

Este espazo xeolóxico foi moi estudado desde mediados do século XX, coincidindo sempre todos os informes no ***excepcional valor científico*** do lugar, onde hai materiais rochosos como anfibolitas, granulitas e gneises, destacando tamén que o xeodestino é o punto mundial de maior afloramento de ecloxitas.

Ademais, no xeoparque existen grandes acumulacións de minerais no interior de covas, como en Cerdido ou Moeche, onde hai ***estalactitas e estalagmitas de cor azul e verde que se atopan nas antigas minas de cobre***. Por outra parte, esta superficie posúe tamén unha importante diversidade de fauna e flora, razón pola que todo o litoral ten algún grao de protección de ámbito europeo.

Este territorio permite a adultos e escolares ser testemuña dun dos periodos máis apaixoantes da historia do planeta. O Xeoparque do Cabo Ortegal xorde da importancia da xeoloxía na zona, pero persegue tamén alcanzar o ***desenvolvemento sostible***, onde se contribúa á dinamización social, cultural e económica dos concellos implicados, convertendo a este espazo nun destino turístico de calidade.

Concellos participantes:

Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño

moeche
castelo

Declarado ***Ben de Interese Cultural***, o edificio máis emblemático do concello de Moeche é o seu castelo, enclavado na parroquia de San Xurxo, nun val protexido por montañas. Esta fortaleza medieval foi construída no ***século XIV*** por Fernán Pérez de Andrade, "O Bo", co obxectivo de protexer as súas propiedades na comarca. A edificación ten carácter defensivo, e conta entre os seus elementos máis destacables cun gran ***foso perimetral***, un ***patio de armas*** e unha ***torre de homenaxe***.

O castelo pasou á historia polas ***Revoltas Irmandiñas***, nas que, fartos de abusos, os campesiños se rebelaron contra os señores feudais. A Irmandade Fusquenlla, liderada por ***Roi Xordo***, iniciou no 1431 o primeiro levantamento contra Nuno Freire de Andrade, "O Mao", obrigando a este a fuxir da súa fortaleza en Pontedeume. Porén, a vitoria resultou efémera e os amotinados foron axiña derrotados. No 1467 produciuse a Segunda Revolta Irmandiña, aplastada de novo e tras a que se obrigou aos campesiños a reconstruír o castelo de Moeche.

Este feito histórico conmemórase cada ano na penúltima fin de semana de agosto no ***Festival Irmandiño***. A actividade ten carácter simbólico e lúdico e inclúe xogos populares e concertos durante a noite, na que os veciños, armados con fachos, asaltan de novo o castelo.

No século XIX a edificación estivo a piques de desaparecer cando pasou ás mans da Casa de Alba, quen o puxo a subasta coma "pedra do montón". A demolición evitouse grazas á presión social dos veciños coa colaboración do arqueólogo Federico Maciñeira. A pesar de parar a destrución do edificio, perdéronse moitos elementos construtivos.

A fortaleza é visitable -tamén se organizan percorridos guiados- e conta cun ***Centro de Interpretación*** sobre as Revoltas Irmandiñas onde o alumnado pode coñecer máis en profundidade eses feitos históricos.

Ao pé do castelo pódese ver a plantación ***"Galicia nun ferrado"*** que recolle 37 especies arbóreas silvestres e un panel explicativo.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais (Galicia nun ferrado)

Horarios: Mudan en función da época do ano. Pódense consultar na web *www.moeche.gal*. Ata o 15 de outubro: martes de 17.00 a 19.30; de mércores a venres de 11.30 as 14.00 e de 17.00 a 19.30 e os sábados, domingos e festivos de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00.

Prezo: 1 euro por alumno (para o centro escolar de Moeche é gratis)

Máis información: Unidade didáctica sobre o castelo de Moeche: *moeche.gal/wp-content/uploads/2018/09/unid-didactica-castelo-de-moeche.pdf*

Exercicios para Educación Primaria e Secundaria:
moeche.gal/wp-content/uploads/2018/09/fichas-Unid-Didac-primaira.pdf
moeche.gal/wp-content/uploads/2018/09/fichas-Unid-Didac-secundaria.pdf

Concello de Moeche. San Ramón s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

moeche
área recreativa

Idades: Desde Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Educación Física, Xeografía e Historia

Prezo da piscina: menores de 12 anos 1,50 euros; maiores 2,80 euros

Horario da piscina: En xuño, de luns a venres de 16.00 a 21.00 horas;
os sábados, domingos e festivos, de 14.00 a 21.00

En xullo e agosto, de luns a venres de 15.00 a 21.00 horas
(de 12.00 a 13.00 para cursos de natación);
os sábados, domingos e festivos, de 14.00 a 21.00

En setembro, de luns a venres de 16.00 a 20.00 horas;
os sábados, domingos e festivos, de 14.00 a 20.00

No coñecido como Fondo de Moeche atópase a ***Área Recreativa de Souto Grande,*** á beira do ***río Xubia*** e rodeada de árbores autóctonas nun lugar privilexiado que conta cunha fermosa presa. Este espazo de lecer constitue unha ampla e coidada zona natural equipada con ***mesas e bancos, grellas para facer churrasco, un parque infantil para os nenos e nenas e unha cafetería***, que o convirten no lugar idóneo para unha xornada de descanso e divertimento para escolares e familias. Ademais, a área conta cunha ***piscina ao aire libre*** que abre durante o periodo estival, desde mediados do mes de xuño e ata a mesma data en setembro.

Se visitamos Moeche os días 11 ou 23 de cada mes teremos a oportunidade de coñecer a súa ***feira***, que é das máis antigas da zona segundo as referencias históricas, que a sitúan xa no ***século XVIII***. O concello conserva e potencia na actualidade a realización destes mercados tradicionais galegos, nos que se promove fundamentalmente a venda de produtos locais (froitas, verduras, queixos, panes ou empanada, entre outros), pero tamén de gando e artigos agrícolas. Cada sábado hai, ademais, un mercado de produtos de proximidade.

Outro dos atractivos de Moeche e a súa ***Feira do Cabalo***, que se celebra o ***23 de abril*** de cada ano -como as mensuais- no recinto situado na parroquia de San Ramón. Neste evento teñen lugar diferentes exhibicións ecuestres e competicións, pero tamén é posible mercar produtos da zona e degustar a súa gastronomía nos establecementos hostaleiros da contorna. A importancia desta feira é tan grande que ata ela acuden persoas de todas partes da xeografía galega e doutros territorios veciños coma Asturias ou incluso Portugal.

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Concello de Moeche. San Ramón s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

cerdido

lecer en plena natureza

Unha excursión a Cerdido permite viaxar no tempo ata a prehistoria, gozar de paisaxes autóctonas perfectamente conservadas e organizar actividades de lecer moi axeitadas para unha saída escolar.

Neste concello do interior da comarca de Ortegal atópase a ***área recreativa do Castro***, situada sobre a croa do antigo castro de Cerdido, no que se achou un torque de ouro dunha tipoloxía pouco habitual e moi semellante aos aparecidos en Irlanda.

Este espazo conta cunhas instalacións moi completas, con ***piscina climatizada*** que abre todo o ano (excepto de decembro a marzo), vestiarios, un ***parque infantil*** e unha ***pista polideportiva*** ao aire libre. Tamén hai ***mesas, bancos e grellas*** para facer un xantar en medio do piñeiral. Atópase nesta mesma zona a antiga escola, actual Centro Social e Cultural no que hai unha cafetería e onde se poden practicar xogos de mesa.

Esta área recreativa é a última parada da ***ruta do río Pontellas***, un percorrido de case dous quilómetros entre bidueiros, carballos, castiñeiros, abeleiras e ameneiros. A andaina comeza no Muíño de Máximo, sen restaurar e de titularidade privada, e continúa por un camiño no que se atopan outras aceas e unha central eléctrica. O itinerario remata no lugar do Castro, un asentamento da Idade de Ferro do que se conservan as murallas e o foso.

A ***Fraga dos Casás*** é un dos poucos bosques atlánticos virxes que quedan na zona e no que hai gran diversidade de flora e fauna autóctona que converte este espazo nunha auténtica xoia. Tamén é interesante descubrir as ouriceiras, unhas construcións de pedra nas que se gardaban as castañas para mantelas a salvo dos animais. Na fraga é posible visitar así mesmo as foias do carbón, antigas carboeiras vexeitais á beira do Mera.

Na mesma parroquia está o ***Museo de Maquinaria Agrícola Antiga***, unha iniciativa da Asociación de Restauración Amigos dos Casás que busca mostrar as tarefas e as ferramentas que se usaban tradicionalmente no campo.

Idades: Ruta de Pontellas, para quinto e sexto de Primaria, ESO e Bacharelato. A área recreativa do Castro, para todas as idades

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Educación Física, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Prezo: Gratuíto agás o uso da piscina, na que o baño libre custa 3 euros por neno e hora (consultar posibles cambios no Concello: 981 411 000). A piscina da área recreativa do Castro permanece pechada nos meses de decembro a marzo

Máis información: Pódese chegar ata Cerdido no tren da costa, para máis información consultar a web *www.renfe.com*

Para acceder ás inmediacións da área recreativa do Castro pódese ir en coche, autobús ou a pé.

Ruta do río Pontellas 43°37'23.0"N 7°58'39.1"W
Fraga dos Casás 43°35'53.2"N 7°54'33.2"W
Tel. 981 410 000 www.cerdido.org

Ferrol 39 Km
A Coruña 78 Km
Viveiro 58 Km
Santiago 122 Km

¡Manzaneda es un planazo!

TODO EN UN MISMO LUGAR

En el Macizo Central ourensano, donde podrás recorrer una de las áreas de montañas más extensas de Galicia y de mayor diversidad biológica.

Un entorno natural de alta montaña que lo tiene todo para el deportista:
Instalaciones deportivas · Alojamiento · Restauración · Ocio y relax

Manzaneda
Estación de Montaña

Un sinfín de actividades para el tiempo libre:

Tirolina · Parque Multiaventura · Circuito permanente de orientación · Tiro con arco · Rutas a caballo · Slackline · Rutas de senderismo · Telesilla turístico · Circuito termal · Jacuzzi · Sauna · Spa

Instalaciones deportivas de lo más completas:

Bike Park · Bike Park Junior · Estación de esquí · Campos de fútbol · Pistas de tenis · Polideportivo · Cancha de baloncesto · Piscina · Gimnasio

Campamentos y grupos escolares:

Los campamentos en Manzaneda incluyen actividades de deporte, naturaleza, formación y ocio, con programas adaptados a cada grupo escolar y periodo vacacional.

Reserva ya tu entrada en **manzaneda.com**

988 30 90 90

cedeira
a vila

Cedeira é unha vila na que a tradición mariñeira o impregna todo. Tanto a súa historia como a súa arquitectura están marcadas pola vinculación co mar. O casco histórico posúe ese carácter, coas típicas casas galegas dos pobos mariñeiros, que se misturan con edificacións da Idade Media que aínda conservan os escudos da época nas súas fachadas.

Nesta localidade de pequenas dimensións é posible facer ***moitas actividades ao aire libre***, un aspecto moi interesante para excursións escolares. Os parques infantís teñen moita importancia neste municipio, por iso, desde o Concello decidiron ampliar a oferta de ocio para os rapaces instalando ***novidosos espazos de entretemento***. Cedeira conta cun "pump track" na zona do instituto, que é un circuíto con curvas e montículos para percorrer en skate, bicicleta ou patinete aproveitando o impulso e a inercia.

Onde máis novidades hai para os adolescentes é no parque do Camiño Real, no que se vai estrear en breve un "skate bowl", un tipo de parque de patinaxe; e, a proposta do alumnado do IES Punta Candieira nos presupostos participativos, creouse tamén un parque de calistenia, unha modalidade de entrenamento deportivo co propio peso corporal. Tamén nesta zona hai unha tirolina de 28 metros de longo e catro de alto pola que os nenos poden deslizarse e divertirse.

Outro sitio agradable para camiñar na área urbana é o Paseo Fluvial da Xunqueira, onde viven en liberdade aves como cisnes e gansos. Aquí tamén hai un espazo de xogos para os pequenos, así como bancos e recunchos para descansar nun entorno natural en medio da vila.

Idades: Primaria, ESO

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Educación Física

Prezo: Gratuíto

Máis información: *turismo.cedeira.gal*

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal *mar.lopez@cedeira.es*

Ferrol 34 Km
A Coruña 80 Km
Viveiro 61 Km
Santiago 123 Km

Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais

Prezo: 1 euro por persoa. Visitas guiadas concertando con antelación

Horario: de martes a domingo de 10.30h a 13.30

Máis información: Para visitas á lonxa hai que chamar á Confraría ao 981 480 389.

Proxecto Vivir tocando o mar: *bit.ly/33fbg1v*

Artes de pesca artesanal e marisqueo no espazo Abalar da Xunta: *www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/artes-de-pesca-artesanal-e-marisqueo-de-galicia*

A importante tradición mariñeira de Cedeira fai do mar o símbolo máis recoñecible desta localidade. A súa ría é un espazo de gran diversidade biolóxica, polo que foi declarada como ***Reserva Mariña de Interese Pesqueiro*** en 2009, o que permitiu asegurar unha xestión sostible da zona.

A ***lonxa é visitable*** mediante unha cita previa concertada coa confraría. Deste xeito, os pequenos poden achegarse aínda máis á tradición pesqueira e coñecer desde o interior como é o funcionamento destas instalacións, a venda do peixe, o etiquetado ou cales son os diferentes métodos de captura que se empregan actualmente.

Ir ata o Museo Mares de Cedeira é outra das actividades de gran interese para realizar co alumnado, pois neste espazo amósanse os ***lazos do pobo cedeirés co mar***. Conta cunha superficie de 320 metros cadrados repartidos en diferentes salas de exposicións nas que se atopan embarcacións, aparellos, motores, fotografías, fósiles de antigos cetáceos, cunchas...

Inaugurouse en 2016 para poñer en valor o traballo das persoas que adicaron a súa vida ao mar, promovendo o coñecemento destes oficios tradicionais e difundindo a cultura mariñeira. Nos seus comezos contaba unicamente coas colecções particulares de diferentes veciños que decidiron doar os seus útiles de navegación para dalos a coñecer a todo o mundo. Cos anos, a mostra foise ampliando con ***pezas que cedeu o pobo*** para conseguir reivindicar a historia da vila e as súas tradicións.

Máis de 5.000 cunchas de bivalvos e gasterópodos de todo o mundo completan a colección de malacoloxía, unha das máis impresionantes do museo, que foi depositada por Manuel Suárez.

A pesares da súa curta historia, por este museo xa pasaron milleiros de personas. Desde hai un par de anos, está integrado na ***Rede de Espazos Museísticos Atlánticos*** (REMA) xunto con outros espazos adicados a difundir o patrimonio marítimo-pesqueiro repartidos por Galicia, Asturias e norte de Portugal.

Ferrol 34 Km
A Coruña 80 Km
Viveiro 61 Km
Santiago 123 Km

Casa do Pescador. Camiño de Arealonga, 1
Tel. 620 972 981
www.maresdecedeira.gal *maresdecedeira@gmail.com*

cedeira

serra da capelada e san andrés de teixido

A Serra da Capelada esténdese polo litoral dos concellos de Cedeira, Cariño e Ortigueira, e é unha zona de ***gran valor natural e xeolóxico*** que forma parte do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Os cantís máis elevados da Europa continental atópanse nesta serra, con 621 metros de altitude, e sobre os que se sitúan diferentes miradoiros. Un deles é o da ***garita da Herbeira***, unha edificación de 1805 que se empregaba para vixiar a entrada de barcos inimigos, e desde a que hai unhas vistas impresionantes da costa. Trátase dunha zona que recibe moitas visitas, pero que pode redescubrirse a través do traballo de divulgación que están a realizar os concellos implicados no proxecto do Xeoparque e das súas "xeorutas". A de menor dificultade delas é a "dos cantís", que percorre precisamente a Serra da Capelada -máis información nas páxinas 40 e 41-.

Aquí atópase tamén o máxico pobo de San Andrés de Teixido, que ***rodeado de lendas*** álzase sobre os cantís da Capelada. Aínda que o seu santuario data da Idade Media, o uso do espazo como lugar de culto remóntase á época prerromana. O templo comezou a ser construído no século XVI, enmarcándose dentro do estilo gótico, pero con carácter mariñeiro.

É o segundo punto de peregrinación de Galicia despois de Santiago de Compostela e, ademais, a lenda máis coñecida da aldea, di: "vai de morto que non foi de vivo". Fai alusión á importancia de visitar a ermida polo menos unha vez na vida, porque senón o farás reencarnado nun animal. Por iso, durante o percorrido é importante fixarse en ***non pisar ningún ser vivo***.

Ademais de mitos, en San Andrés tamén hai diferentes tradicións. Cando se visita a zona é habitual mercar uns amuletos chamados ***"sanandresiños"***, que se fabrican artesanalmente con miga de pan.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Química, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Recomendacións: Bo espazo para almorzar na natureza na Capelada. Hai mesas e bancos

Máis información: Proxecto educativo sobre mitos, lendas e contos: *es.slideshare.net/PepaBotellaPrez/unidad-didctica-mitologa*

Historia sobre San Andrés de Teixido: *turismo.cedeira.gal/conece-cedeira/san-andres-de-teixido*

Asociación Cultural y Recreativa Amigos del Camino a San Andrés de Teixido: *caminoasanandres.com/asociacion*

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal *mar.lopez@cedeira.es*

Ferrol 46 Km
A Coruña 92 Km
Viveiro 66 Km
Santiago 135 Km

cedeira
un paseo pola historia

Idades: Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais

Prezo: Gratuíto

Recomendacións: Bo espazo para almorzar na natureza. O acceso por estrada é estreito para o autobús, é mellor deixalo na zona do porto e subir polas escaleiras.

Máis información: *castrosarridal.es/es/el-castro.php*

www.facebook.com/CastroSarridalCedeira

Vídeo explicativo: *youtu.be/wq7T07iOD20*

Na zona alta da vila atópase o xacemento arqueolóxico de Punta Sarridal, un castro que segundo os expertos estivo habitado desde o século V a.C. ata o II d.C. Neste achouse unha ***sauna castrexa de vapor***, a quinta que se atopa en Galicia e coa pedra formosa máis antiga ata o momento. Muros e louzas primitivos foron aparecendo desde 2017, ano no que comezaron as campañas de escavación.

Este xacemento destaca por ser un espazo cunha disposición peculiar, no que se conservan áreas lousadas e restos dunha columna que serviría como soporte dalgunha edificación anexa. Os restos do conxunto castrexo son visitables e contan cun panel explicativo cun código QR no que se pode acceder á ***reprodución en 3D***, que permitirá ao grupo interpretar correctamente os restos.

Nas inmediacións atópase o Castelo da Concepción, unha fortaleza militar do século XVIII que foi testemuña de diferentes contendas. Foi construída polos veciños tras un ataque da frota inglesa que mostrou a necesidade de protexer a vila. Actualmente conta cun museo no seu interior e un centro de interpretación sobre o xacemento de Castro Sarridal, no que se expoñen algúns dos obxectos atopados durante a escavación, como unha moeda romana datada no I a.C.

Para achegarse ata aquí é posible facelo a pé ou en vehículo, pois hai un aparcamento ao lado. Para subir camiñando pódese acceder polas escaleiras que se atopan ao final do porto, pegadas ao castelo, ou incluso percorrer o casco antigo e subir desde esa zona.

Ademais do patrimonio histórico, no Sarridal está a ***paradisíaca cala de Sonreiras***, de augas cristalinas e á que se baixa a través dunha escaleira con 150 chanzos. Ao seu redor están antigas cetarias, así como tamén hai un miradoiro desde o que contemplar a ría de Cedeira e o Faro de Punta Sarridal, que orienta ós barcos na súa entrada á vila.

Xa nos arredores da vila atopamos o Faro de Punta Candieira e a Ermida de San Antón do Corveiro, lugares de interese para ir co alumnado e completar a xornada na localidade.

Ferrol 38 Km
A Coruña 83 Km
Viveiro 64 Km
Santiago 127 Km

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal *mar.lopez@cedeira.es*

cariño
barrio mariñeiro

Unha excursión a Cariño dá para moito pola variedade de propostas que encontramos neste concello. ***A zona histórica da vila ten estilo mariñeiro galego***, con casas estreitas de cores vivas e galerías de balconadas. A axustada distribución das vivendas responde á pouca dispoñibilidade de áreas de cultivo e á proximidade co peirao, que provocaron que se aproveitase ao máximo o espazo libre. Sobre o seu nome, Cariño, debátese se procede do antropónimo Carinus, que sería o nome do propietario das terras na época dos romanos, ou derivaría dun topónimo prerromán que significa "lugar pedregoso".

A orixe deste municipio costeiro remóntase á época dos Castros. Moi preto, na Serra da Capelada hai unha serie de túmulos do Megalítico que parecen indicar que houbo poboamento na localidade desde o 3.000 a.C.

Na parte alta do barrio destacan os ***miradoiros da Rúa Antiga, O Pósito e O Castro***, cunhas vistas impresionantes da localidade. Ademais, nesta zona atópanse prazas como a da Porta da Pulida, onde se celebraba antigamente o mercado e as festas, ou a igrexa parroquial de San Bartolomé, na parte máis alta da vila, que data de 1923.

Outro dos puntos de interese de Cariño é a ***praia da Concha*** e o seu ***paseo marítimo***, situados moi preto do barrio mariñeiro. Ademais, desde o areal accédese á ***ruta de sendeirismo da Figueiroa***. Esta área de natureza é un lugar de gran atractivo para os rapaces e rapazas, que poden gozar da praia se o tempo acompaña.

Como actividade complementaria tamén é interesante para os escolares unha ***visita á nave das redeiras***, onde se elaboran de xeito artesanal as redes de pesca.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía, Ciencias Sociais

Máis información: Pódese chegar en autobús (Ferrol-Viveiro/Ferrol-Cedeira-Cariño) ou en tren, xa que en Ponte Mera hai un apeadeiro de FEVE, unha liña de vía estreita que percorre a costa norte.

No caso de que a excursión sexa en inverno ou que o día non sexa moi bo na tempada estival, pódese ir á piscina climatizada municipal.

Casa do Concello
Avenida da Paz, 2. Cariño
Tel. 981 405 064
www.concellodecarino.gal

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

cariño
rochas e aves

Idades: ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía

Recomendación: Levar protección contra o vento na visita ao Cabo Ortegal, prismáticos e cámara de fotos

Máis información: Folletos sobre a Rede Natura e itinerarios polo complexo xeolóxico do cabo Ortegal descargables en: *www.concellodecarino.gal/que-facer-ver*

Moi preto da vila de Cariño atópase o ***Cabo Ortegal***, unha península montañosa con cantís de 300 metros de altitude que posúe dous extremos: a ***Punta do Limo*** e a ***Punta dos Aguillóns***, onde está o faro e o punto de encontro do océano Atlántico e o mar Cantábrico.

Os Aguillóns son unhas pedras con forma punzante que emerxen escalonadas en dirección Norte. No século II foron nomeadas polo xeógrafo Ptolomeo coma "Trileuco", que significa "Os tres brancos". Estas xoias xeolóxicas poden ser observadas desde o miradoiro do faro, desde onde tamén son visibles os ***Cantís de Herbeira***, os máis elevados da Europa continental.

No límite occidental do Cabo Ortegal están as fervenzas do río do Limo, que caen cara ao mar polos cantís. Entre Os Aguillóns e a Punta do Limo atópase a ***Enseada da Cova***, un gran arco onde emerxen formacións rochosas coma a "Longa da Moreira", unha rocha vertical de gran altura que remata en pico.

Como parte do Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, a riqueza xeolóxica de Cariño é elevada, destacando na contorna do Cabo a presenza de rochas de orixe metamórfico coma anfibolitas, granulitas ou gneises e ***o maior e mellor afloramento de ecloxitas do mundo***.

A meirande parte do municipio conta con algún tipo de protección medioambiental, e é un lugar excepcional onde observar diferentes aves. Pola súa situación xeográfica, Cariño é ***punto de referencia para ornitólogos***, e en concreto dos coñecidos como "twitchers", que son aqueles especialistas que percorren centos de quilómetros para contemplar unha nova especie divagante. As mellores localizacións para practicar "birding" son a praia da Concha, a ría e os prados próximos, sendo o outono a mellor época do ano para realizar esta actividade, na que o alumnado pode desfrutar dunha xornada de inmersión na natureza.

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

Faro do Cabo Ortegal
43°46'17.3"N 7°52'08.3"W
Tel. 981 405 064
www.concellodecarino.gal

cariño
conserveiras

Ata finais do século XVIII, Cariño foi un municipio dedicado fundamentalmente á pesca e á agricultura, como moitos da súa contorna.

A industrialización da vila xurdiu a raíz da implantación da ***industria conserveira***, que marcou á súa vez o aumento da poboación na zona e o establecemento de novas empresas relacionadas co peixe.

Ademais de ser, xunto coa pesca, o motor económico do municipio, a conserveira ***tivo impacto tamén na arquitectura da localidade***. As diferentes fábricas contaban con fachadas señoriais propias dos primeiros anos do século XX, pois a maioría das veces a empresa conserveira estaba integrada no mesmo edificio que a vivenda familiar dos propietarios.

O mellor momento da industria da salgadura foi nos anos 60, cando a vila de Cariño contaba con 24 fábricas e unha poboación de 5.000 habitantes, que foi medrando cada vez máis da man desta actividade económica.

A día de hoxe algunhas destas empresas tradicionais seguen funcionado. É o caso da ***Conserveira "La Pureza"***, que elabora artesanalmente conservas de pescados e mariscos desde 1924. Tamén ofrece a través da súa marca Amieiro marmeladas e conservas vexetais.

De momento ten suspendidas as visitas guiadas á fábrica pola pandemia e a súa recuperación depende da evolución da situación sanitaria. O obxectivo é que os nenos e nenas fosen testemuñas de todo o proceso, desde a selección das materias primas ata o enlatado e os diferentes controis de calidade que pasan todos os seus produtos.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía, Ciencias Naturais

Máis información: As visitas guiadas á fábrica de La Pureza están temporalmente suspendidas pola pandemia, pero merece a pena achegarse á vila para visitar o exterior dos edificios que albergaron e albergan as conserveiras pola súa arquitectura

O estacionamento é grande (pódese aparcar na entrada do porto ou na zona alta da vila)

Conservas La Pureza
Rúa do Río Grande, 2. Cariño
conservas@lapureza.es

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

O mundo dixital ten cada vez máis importancia, e a pandemia demostrou que o virtual gaña peso porque facilita a comunicación cando a presenza física é imposible. A tecnoloxía conseguiu paliar os efectos do virus na economía, a través do teletraballo, e tamén na educación, recurrindo ás clases por Internet.

DeExcursión mantén a súa páxina web -deexcursion.net- onde se poden consultar todas as rutas e os recursos que poñen os nosos anunciantes a disposición de colexios e institutos, e aínda que non queremos renunciar ao papel porque o seu encanto é único, temos o propósito de afondar na comunicación online coa comunidade educativa.

Como en anos anteriores, desde a web é posible descargar a revista íntegra en formato PDF. Ademais, nela atoparedes todas as novas de interese que se produzan en Ferrol, Eume e Ortegal en relación coas nosas rutas, o mundo educativo ou o ocio familiar a través das entradas do blog, que nos comprometemos a manter activo e pendente de todo o que aconteza.

Precisamente, o ocio familiar é un capítulo ao que queremos prestar especial atención. Aínda que o ano pasado non foi posible sacar a revista DeExcursión pola suspensión das saídas escolares, puxemos en marcha unha axenda de lecer centrada na xente miúda que se pode consultar a través de ***deexcursion.net*** . Nela recollemos toda a actividade encadrada neste sector nos nosos concellos colaboradores, de xeito que sexa outro recurso útil que poñemos á disposición neste caso non só de profesores e profesoras, senón tamén de pais e nais interesados en compartir en familia momentos divertidos dos que se pode aprender moito. Animámosvos a consultala.

Ao mesmo tempo, ao longo deste curso darémoslle un especial pulo ás redes sociais, reforzando o Facebook que xa está en funcionamento desde o principio do proxecto -***@revistadeexcursion***- cun perfil en Instagram no que, loxicamente, terán máis protagonismo os contidos gráficos. Pedímosvos un ano máis a colaboración do profesorado para compartir con nós as vosas experiencias educativas singulares e as vosas excursións, de xeito que a nosa sexa unha comunidade activa e participativa na que todos poidamos aprender de todos.

Agradecemos a colaboración de:

FERROL

SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL

VAL DE ESMELLE

Puerto de Ferrol
Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao

NARÓN

concello de Neda

FENE CONCELLO

Cabanas
A fragateita mar

Pontedeume

Deputación DA CORUÑA

As Pontes de García Rodríguez

MOECHE CONCELLO

CONCELLO DE CERDIDO

Concello de Cedeira

CONCELLO DE CARIÑO

Teléfonos de interese

Concello de Ferrol:.....981 944 000

Oficina de turismo de Ferrol:..... 981 944 251 (Pza. de España)
981 944 252 (Via Compostellam)

Centro de saúde Fontenla Maristany (Ferrol):.....981 336 600

Museo Naval:.....981 336 027

Fundación Exponav (Museo da Construción Naval):.....981 359 682

Proxecto Esmelle: 605 932 677

Autoridade Portuaria:.....981 338 000

Concello de Narón: 981 337 700

Oficina de turismo de Narón:.....981 337 799 (Ext. 2301)

Centro de saúde de Narón:.....981 383 791

Concello de Neda:.....981 380 039

Oficina de turismo de Neda:.....981 390 249

Centro de saúde de Neda:.....981 380 297

Concello de Fene: 981 492 707

Oficina de turismo de Fene:.....981 344 0 82

Centro de saúde de Fene: 981 341 429

Concello de Pontedeume:.....981 433 054

Oficina de turismo de Pontedeume:.....981 430 270

Centro de saúde de Pontedeume:.....981 495 666

Concello de As Pontes:.....981 453 116

Oficina de turismo de As Pontes:.....673 240 434

Centro de saúde de As Pontes:.....981 334 699

Concello de Moeche: 981 404 006

Centro de saúde de Moeche:.....981 404 400

Concello de Cerdido:.....981 411 000

Centro de saúde de Cerdido: 981 427 742

Concello de Cedeira:.....981 480 000

Oficina de turismo de Cedeira:.....981 482 187

Centro de saúde de Cedeira:.....981 480 015

Concello de Cariño:.....981 405 064

Oficina de turismo de Cariño:.....981 405 064

Centro de saúde de Cariño:.....981 420 410

Deputación da Coruña: 981 080 300

go
VAL DE ESMÉLLE